

terra *e* tempo

revista galega de pensamento nacionalista

Entrevista a
Adrián Sotelo



Sistema de financiamento autonómico:
Ficción e realidade

A historia de España e *O reino medieval de Galiza*

Notas sobre a situación política en Chile

Discurso a Chiloé, Península Galega

DOSSIER | AS IRMANDADES DA FALA (I)



Opinión

4 [Alberte Ansede Estraviz]

[Bieito Lobeira Domínguez]

Entrevista

5 **Adrián Sotelo Valencia**

[Manuel Mera e María Guerreiro]

Economía

10 **Sistema de financiamento autonómico:
Ficción e realidade**

[Xosé Díaz Díaz]

Cultura

20 **A historia de España e
*O reino medieval de Galiza***

[César Caramés Branco]

Internacional

26 **Notas sobre a situación política en Chile**

[Edmundo Rafael Moure Rojas]

Viaxes

35 **Discurso a Chiloé, Península Galega**

[Ramón Suárez Picallo]

DOSSIER | AS IRMANDADES DA FALA (I)

42 **O tempo das Irmandades da fala**

[María Pilar García Negro]

43 **Na Galiza. A tradición do país galego e a súa
cultura**

[Antón Vilar Ponte]

47 **Verbas d'un loitador ¡Dinidade!**

[Luís Porteiro Garea]

49 **Crónicas de Galiza. As letras vernáculas e a
cultura**

[Roberto Blanco Torres]

sumario



Non fomos nós, os patriotas de antes e de agora, os que reivindicamos para Galiza a categoría de nación. Xa os clásicos españois, como Baltasar Gracián, non malformado aínda polo preconceito imperialista dos Austrias e Borbóns, aplicaban o calificativo nacional ao noso país. Non vou determe na escolma de opinións tan atinadas e obxectivas. Prefiro escoller o clixé negativo con que España nos ollou e retratou. Por rancorosa e xenófoba, non hai afirmación máis rotunda do noso feito diferencial que esa visión deformada con que o imperio nos contemplou. Vese aos galegos como algo distinto, povo inmundo, “de España muladar”, profusamente aldraxado en versos de rima castelá. Con razón o autor de “Separatismo e Unidade”, carente de compromiso e militanza política afirmaba non existir separatistas senón separadores. Non é Galiza a que quer renunciar á integración en España. Foi España a que renunciou a Galiza, aínda que non a conservala como escrava.

Nos dicionarios da RAE, en edicións anteriores aos anos cincuenta, figuraban como acepcións da palabra *gallego*: “dialecto de los gallegos, mozo de cuerda, sinónimo de cobarde”. Nengún outro xentilicio aparece tratado con tanto menosprezo. Nen sequer os xitanos. Se algunha gratitude lle debemos a Cela é a de ter compartido con Ramón Cabanillas –derradeiro representante das academias chamadas rexionais na España– a iniciativa de limpar o dicionario de semellantes inexactitudes e conceptos racistas e ofensivos. O de menos era rebaiñar a dialecto o noso idioma. A mosca en todo caso a incultura dos esgrevios, repoludos e engolados valedores da lingua de Cervantes. Moito me temo que aquilo que desapareceu da letra siga aínda vivente na mente de tan ilustres académicos. Polos anos sesenta, despois da limpeza practicada no dicionario, tiven a honra (chamémoslle así) de asistir á toma de posesión como membro da RAE de Julián Marías, seguidor do pensamento filosófico de Ortega. Asistín por deferencia e convite de Fernández-Oxea (o caro Ben-Cho-Sei), daquela correspondente da Real Academia da Historia. O tema do discurso versaba sobre as instancias que parasitan (podemos afirmar, pois a metáfora é da propia colleita) no uso do idioma. Non me deteño en consultar o título do mesmo na miña biblioteca. Estas instancias clasíficadas en externas e internas. Os modismos, xiros, entoacións do español falado por un inglés, francés ou alemán serían *instancias externas*. Se os particularismos proceden dun galego ou catalán, para Julián Marías serían *instancias internas*. Para explicarnos máis claramente, *externas* as que proceden doutra lingua, *internas* as que nacen dentro dela. Fica en evidencia que para este académico, preclaro fiscalizador do idioma, galego e catalán seguen a ser dialectos.

Con esa visión aldraxante, España, ademais de concebirmos como povo e nación diferente, estableceu para ela a condición de colonia. Polo aldraxe colonia, pola colonia nación. Non fomos nós, os nacionalistas, os que por afán victimista lle atribuímos o papel colonial ao noso país. Despois de expulsar a mouros e xudeos, a España herdeira dos Reis Católicos gabábase de estar isenta de prácticas racistas. Claro que non chegaran aínda os negros e “sudacas”. Había, iso si, un Sancho Panza a quen algunha vez se lle ocorreu baixar á mouraría para importar escravos e vendelos na Península. Aproveito a mención literaria para expor unha dúbida miña aínda non resolta. Non sei -entre o Quixote e o seu escudero- cal deles representa mellor a mentalidade española, quizais máis preocupada polas insulas (aí temos a heroica reconquista da illa Perejil) que por desfacer entortos. Procurarei aclararme nun próximo artigo. Voltemos ao noso, que é o que importa. Entre os

mouriscos de onte e os colombianos de hoxe, nos séculos que median, España desafogou a súa xenofobia cos galegos.

Son moitas as citas literarias, aforismos e vivencias interpretadas con espírito crítico de quen andamos polo mundo que podían excusar estas sarcásticas denuncias de connotacións sectarias. Un artigo non pode suprir algo que é obxecto dun tratado. O tema mereceu. Para construímos un futuro cómpre ter un coñecemento exhaustivo do pasado. Limitome a dar algunhas referencias. Os galegos carecemos de nomes de pía cando saímos do país e nos trasladamos a ambientes españois. Para nós abunda o xentilicio, adubiado case sempre con soniquetes despectivos. Só cando algún oriundo se fai acredor de respecto social (tamén hai galegos listos) concédeselle excepcionalmente o dereito de ser identificado polo nome ou patronímico. Igual que os negros, nominados sómente pola cor da súa pel, utilizada a pigmentación cutánea como aldraxe racista. Lembremos episodios nos estadios deportivos aireados pola prensa. Tamén neste caso se producen excepcións. O Secretario Xeral das Nacións Unidas –poñamos por caso– é dos escollidos que conquistaron o dereito a ter un nome apesar da súa raza.

Desgrazadamente o racismo exercido cos galegos tivo efectos demoleedores para nós. O negro ten na rebeldía a única saída para resgatar a dignidade. Mesmo que existan experiencias dalgún excéntrico e conflictivo personaxe da farándula, resulta difícil branquear o coiro que naceu moreno. Unha teoría que a finais do dezanove e principios do

século pasado tivo algun predicamento no Brasil propugnaba fuxir da negritude através de sucesivas mestizaxes. Doutrina esta plasmada en óleo por Modesto Brocos –pintor santiagués– no famoso cadro “A redención de Cam”, depositada e admirada hoxe nun museo de Rio de Janeiro. Son simples experiencias anecdóticas para evadirse dun estigma que a química non logrou aínda modificar.

A expresión da nosa identidade está principalmente no idioma e na cultura. Non apelamos nunca a fundamentalismos biolóxicos. Nen á tentación de resolver o problema desertando –mellor dito espíndose– destes dous elementos identificadores. A negación e deserción da personalidade nunca será completa, pois sempre ficará ese “deje” que Julián Marías definía como *instancias internas*. Maldito acento delator que serviu para clasificar o galego en dúas únicas categorías: os máis cerrados e os menos cerrados. Maldito acento ridiculizado polo xan das bolas (así, con minúsculas) na pantalla, e pola mucama que remedaba as galegas nas películas arxentinas dos anos cuarenta. Por certo, películas proxectadas nas pantallas do país. Con todo, temos a sorte, ao meu entender, de non sermos os únicos ridiculizados pola maneira de falar. Compartimos a desventura cos chineses.

Contábame un vello galeguista, non sei se por brincadeira, que un físico amigo andaba á procura dunha pílula indicada para vacinar contra o acento dos galegos vergonzantes. Tal vez lograse o seu invento. Atopamos galegos conversos en que por nengunha das expresións que utilizan asoma a súa orixe. Aí está o noso drama. Para consumir un xenocidio non se precisa chegar á extirpación biolóxica dun povo. Abonda con eliminar a súa identidade, matando así o seu espírito. Nada máis que como hipótese podemos supor que aínda levamos nas veas algunha pinga de sangue dos celtas ou de caisquer que fosen os moradores da civilización castrexa. Pero non somos celtas, e ese povo desapareceu coa desaparición da súa cultura. Podemos renunciar á nosa idiosincrasia e deixarmos de ser galegos bravos para convertermos en galegos do-

Non existe antecedente nengún de liberdades concedidas. Conquistáronse sempre máis que pola forza das armas polo imperio da razón

mesticados. É un suicidio. Pero non o escollido polos nosos antepasados que morreron como Irmandiños, senón o dos que entregaron as chaves do honor na "Rendición de Breda", cadro que os españoлисты admiran máis polo símbolo que polo valor artístico.

Resumindo, o dilema que temos nesta encrucillada histórica é a entrega das chaves ou a reafirmación na propia identidade. A primeira alternativa, ensaiada por un sector da sociedade, non serviu para acabar coa marxinação senón para afondala. É o tráxico destino dos países dependentes, con fronteiras para a saída do atraso e franquías para a entrada de especuladores. A outra opción consiste en recuperar o orgullo para podermos recuperar o pan, recuperar o peixe e recupe-

rar, sobre todo, a nosa dignidade. Recuperemos a fala para conquistar dereitos. Só entón imporemos condicións. Non existe antecedente ningún de liberdades concedidas. Conquistáronse sempre máis que pola forza das armas polo imperio da razón. Merece a pena intentalo, esgotando quizais a derradeira oportunidade.



BAUTISTA ÁLVAREZ

Manuel María, para construímos o futuro

[Alberte Ansede Estraviz]



Numerosas e felices iniciativas estanse a producir para homenaxear a figura de Manuel María así como para promover a difusión da súa obra literaria e humana. É de agradecer especialmente o esforzo conxunto que están a facer a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), a Asociación de Escritores en Língua Galega (AELG), a Mesa pola Normalización Lingüística (AMNL) e a Confederación Intersindical Galega (CIG-ensino) para levar a cabo unha magna programación baixo o lema *Manuel María. Poeta Nacional*. O propio éxito destes actos está a demostrar a grande pegada e admiración que a obra e a persoa do noso magnífico escritor deixaron no noso pobo.

Mais o nacionalismo galego non pode contentarse cunha celebración puntual, por moi importante que esta sexa. Manuel María é o poeta nacional da posguerra; o escritor que mellor encarna a defensa do dereito a existir do noso pobo; quen mantén en toda a súa obra unha maior identificación coa xente de Galiza e coa súa lingua; quen atesoura unha extraordinaria riqueza lingüística da que podemos botar man para restaurar o noso idioma; quen tiña

unha maior consciencia de que o destinatario da súa obra era o pobo galego como suxeito histórico que procura a súa liberación; quen, precisamente polo anterior, mais fincapé fixo en procurar a eficacia da súa mensaxe recorrendo, para iso, aos diversos xéneros literarios; quen mantivo un compromiso persoal firme e sen desmaios coa causa nacional galega e coas organizacións políticas e culturais que a representaban... En definitiva, Manuel María representa pola súa obra literaria e polo seu exemplo patriótico, a resistencia e o triunfo do pobo galego sobre o silencio que nos quixeron impor, así como a esperanza nun futuro mellor.

Como nacionalistas, temos en Manuel María unha poderosa fonte de comprensión do pasado e de construción do futuro. Como persoas comprometidas cunha causa colectiva temos nel o exemplo dun humanista que sempre estivo por enriba das pequenas miserias humanas. Por iso, o noso poeta nacional debe seguir sendo lido, relido, difundido, representado, homenaxeado, publicado, cantado... e, sobre todo, transmitido ás novas xeracións nas que el sempre tanto confiou. É o noso compromiso.

Parlamento de Galiza, o centro da vida política da nación

[Bieito Lobeira Domínguez]



Os nacionalistas galegos sempre fomos conscientes das limitacións obxectivas, de fondo, que presenta o Parlamento Galego, derivadas das restricións que impón o actual marco estatutario e constitucional. Mais tamén é certo que existen potencialidades a explorar, mesmo cuestionando a carencia de soberanía, que contribúan a dar solucións aos problemas do pobo, e simultaneamente ao afortalamento do proxecto nacionalista.

O recente cambio político operado na Galiza debe server, entre outras cousas, para crebar a inercia política que lastraba esta institución. Dezaseis anos ininterrompidos de maioría absoluta do Partido Popular teñen reducido o Parlamento Galego á condición de mausoleo, de panteón inactivo, lento e paquidémico. E o obxectivo político do BNG neste contexto é o de convertelo precisamente no contrario: nun instrumento ao servizo do pobo galego.

Temos afirmado en moitas ocasións que o Parlamento de Galiza debe ser o centro da vida política da nación. Este principio é xustamente o que guía a actuación do BNG nesta institución, e en consecuencia a actividade dos deputados e deputadas naciona-

listas oriéntase na dirección de tirar a máxima rendabilidade política deste foro parlamentar. Así, o traslado ao Parlamento dos problemas sociais, das necesidades do noso pobo, e das alternativas nacionalistas, son o eixo fulcral de traballo parlamentar. Mais para a consecución deste propósito é preciso remarcar o perfil político do BNG de xeito nidio, cun proxecto propio e definido, como alternativa independente e non subordinada a ningún. Somos conscientes do contexto político e da existencia dun Goberno que apoiamos, que representa unha esperanza para a maioría da sociedade galega. Mais tampouco asumimos de xeito acrítico calquer cousa, e moito menos renunciámos á defensa dos nosos principios, táctica chave nunha situación de co-goberno entre dúas forzas políticas nas que existen diferenzas profundas, mesmo na propia conceitualización da nación. Así, como exemplos, a posta en marcha dunha Ponencia parlamentar que elabore un Estatuto de Nación para Galiza, ou a propia reforma do Regulamento da Cámara, que democratice a institución, son reptos inmediatos aos que o BNG xa lle está dando resposta.



“No marco global o que hai é unha relación de mundialización con neoimperialismo”

Manuel Mera

María Guerreiro

Adrián Sotelo Valencia

sociólogo e latinoamericanista

Adrián Sotelo é profesor investigador do Centro de Estudos Latinoamericanos da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da Universidade Nacional Autónoma de México (UNAM). Ten publicado numerosos artigos e estudos verbo do estado actual do mundo do traballo. É autor dos seguintes libros: *México: dependencia y modernización* (México, 1993), *Mundialización y precarización del trabajo en la economía global* (México, 1998), *La reestructuración del mundo del trabajo, superexplotación y nuevos paradigmas de la organización* (México, 2003), *Desindustrialización y crisis del neoliberalismo. Maquiladoras y telecomunicaciones* (México, 2004). Así mesmo tempo ten publicado o caderno *Globalización, dependencia e desregularización laboral*, CIG-FESGA, 2004.



—Adrián Sotelo prefire falar de mundialización e neoliberalismo cando se refire á situación que está a afectar a sociedade contemporánea a todos os niveis. Na súa obra advirte da fragmentación dos movementos de superación deste neoliberalismo. Xa non é só a clase obreira a vangarda que os impulsa senón que cada vez máis se está a abrir (e a fragmentar) o abano de reivindicacións de diferentes sectores que se identifican en exclusiva cun aspecto concreto desta loita. Feministas, ecoloxistas, indixenistas, traballadores agrupados só por sectores, homosexuais, etc, aparecen como compartimentos estanco, esquecendo que as contradicións

principais que os abranxen a todos son as de clase e as de centro–periferia. Adrián Sotelo contraponse aos autores que asumen esta situación e reafirmase na súa análise marxista para explicar que a clase traballadora segue a ser a protagonista desta loita, un concepto que el denomina “centralidade do mundo do traballo”.

—Estamos nunha situación extremadamente complexa, na que hai procesos monumentais de precarización do traballo, de segmentación dos procesos de traballo, de divisións no interior das clases traballadoras e, en fin, dunha serie de fenómenos coma o desemprego, a inflación, o traballo informal, etc. Todos estes elementos son moi importantes pero o que eu penso é que todos eles explican as contradicións esenciais do sistema capitalista a escala planetaria e revelan que este sistema chegou cando menos a un nivel onde se están a desenvolver procesos de crise económica, social e civilizacional. É difícil predicir en que sentido se van desenvolver. Eu expoñeríalles a crise contraria a aqueles que, como Habermas e outros autores, coidan que xa non existe a centralidade do traballo. Diríalles que hai unha crise profunda a nivel social, xustamente pola ausencia da clase traballadora ou –como di por aí algún autor– da clase que vive da venda da súa forza de traballo e que hoxe en día é cada vez máis ampla. Diríalles, que xustamente esa ausencia explica o profundo refluxo que estamos a vivir nestas dúas décadas de capitalismo neoliberal os traballadores de practicamente todo o mundo. Daquela, a clase obreira e o mundo do traballo non son só centrais, senón fundamentais en calquera análise destinada a comprender as contradicións das sociedades contemporáneas e a procurar solucións alternativas.

—Todo iso recóllese no seu libro *A reestruturación do mundo do traballo, superexplotación e novos paradigmas da organización do traballo*.

O obxectivo do libro é desmostrar que a centralidade do traballo é unha realidade aínda maior, máis presente, máis estendida nas nosas sociedades, aínda que houbo mudanzas profundas, todos eles agregados non se sintetizan para validar esas teses que falan da perda da centralidade do mundo do traballo. Este libro foi tamén produto da experiencia en estudos de caso, en fábricas e en centros de traballo, e tamén nos intercambios que realicei con organizacións coma a Confederación Intersindical Galega, onde teño asistido en visita en varias ocasións e isto permitíume abrir o horizonte sobre a visión deste punto da centralidade a partir de visitas a fábricas, a estaleiros aquí en Galiza, a unha empresa automotriz ou a unha empresa de conservas. Grazas ás testemuñas e aos intercambios cos compañeiros da CIG dei constatado que efectivamente non estou enganado, senón que a centralidade a nivel económico, social e político é unha realidade do mundo do traballo hoxe en día.

—Sabemos que a dependencia está directamente vencellada á opresión nacional pero, está tamén a dependencia relacionada coa explotación da clase obreira? En que medida afecta a contradición nacional nos traballadores?

—Hai que entender que a dependencia implica unha relación de subordinación dunha periferia cara a un país central, e que esa subordinación estrutural supón unha transferencia de valor dende o país periférico, por exemplo México, Brasil, Arxentina, etc., cara aos países centrais coma os EEUU, Alemaña ou Xapón. Loxicamente, esa transferencia de valor que implica a relación de subordinación centro-periferia supón á vez descargar o peso da perda desa transferencia de valor cara aos países desenvolvidos e tamén unha maior explotación ou superexplotación da forza de traballo do conxunto dos traballadores que viven nas periferias do sistema. Xa que logo, o que resulta é unha

situación intimamente relacionada porque non pode haber dependencia sen superexplotación e a superexplotación é a base da reprodución ampliada da dependencia.

—En México dáse esa situación de dependencia cos EEUU, de desigualdade social, de corrupción, de discriminación da poboación indíxena, pero ao mesmo tempo provén vosde dun país que conta cunha longa historia de loita pola súa liberación. Como conviven esas contradicións?

—Eu creo que México condensa o conxunto das contradicións históricas, sociais, políticas e culturais que se deron nos últimos 30 anos, é coma un laboratorio. Cómpre termos en conta o seu contexto, México é un país de 104 millóns de habitantes, dos cales 70 millóns está na pobreza e, deses 70, aproximadamente 30 están na liña da pobreza extrema, é dicir, persoas que se amañan con menos dun dólar ao día. Trátase dunha situación socialmente moi explosiva, ao que lle hai que engadir que temos unha crise social e política moi forte, o rexime de partidos políticos atópase agora nunha profunda crise que se expresa nunha crise de lexitimidade xa que a grande maioría do pobo e dos cidadáns mexicanos non cren nos partidos. Estamos a sufrir graves situacións de procesos crecentes de desindustrialización, temos o xurdimiento das *maquiladoras* na parte fronteiriza —aínda que agora tamén no centro e no sur do país— e, por último, temos unha situación explosiva de milleiros de traballadores que todos os días cruzan a fronteira de México cara aos EEUU para acadaren o traballo que non atopan nos seus lugares de orixe. Relacionado con isto, fálase de que para este ano 2005 as chamadas *remesas* —que son os envíos de cartos dos traballadores mexicanos cara ás súas familias en México— podería chegar aos 20.000 millóns de dólares. Estamos xa a falar dunha cifra moi alta e moi próxima ao que se obtén por ingresos petrolei-

“A clase obreira e o mundo do traballo son fundamentais en calquera análise que pretenda comprender as contradicións das sociedades contemporáneas”



ros e moi por riba das entradas de investimento estranxeiro directo.

Este panorama é moi explosivo e as alternativas atópanse, efectivamente, fóra do sistema. Penso que o máis importante que se fixo nestes momentos foi a convocatoria do Exército Zapatista de Liberación Nacional dende o surleste mexicano para iniciarmos un movemento que eles denominaron "A outra campaña", expresada na famosa sexta declaración da selva Lacandona e que, en síntese, implica trascender a loita meramente indíxena que se deu durante dez anos nun punto do país, para espallalo ao conxunto da sociedade mexicana e, en particular, aos sectores explotados. Estamos a falar de obreiros, labregos, estudantes e amas de casa, que terán un obxectivo central –que xa expuxeron os zapatistas e que están a asumir outros sectores da sociedade– e que consiste en avanzar cara á expedición dunha nova constitución política do estado social mexicano.

—Pódese considerar que existen xa neste momento en México novos elementos ou novas organizacións sociais que axuden a modificar a tradicional situación de convivencia dos partidos políticos co poder establecido?

—Cara a onde vai desembocar esta situación non o sabemos, pero a iniciativa está exposta e, loxicamente, pode ter efectos colaterais moi importantes. Un deles sería, despois de tantos anos de refluxo, conseguir recompoñer o movemento social mexicano e a esquerda non parlamentar –o que algúns sectores denominan esquerda revolucionaria– para construír unha alternativa estratéxica de transformación do capitalismo mexicano cara a unha nova sociedade que pode ser o socialismo, un socialismo libertario, un socialismo dende abaixo que fose resultado da tradición dunha segunda revolución mexicana, que é o que algúns sectores propoñen. É dicir, a primeira revolución mexicana foi no 1917 e o que se pretende é que entre o 2005 e o 2006 teñamos os albores

dun novo movemento social alternativo que trascenda esa orde xa esgotada, esa crise profunda do sistema político mexicano, que xa está a dar alternativas reais para resolver os grandes e graves problemas do pobo mexicano.

—Neste momento no que a globalización está marcada por unha especie de pulo da violencia, da invasión e da represión, cal o camiño que debe seguir a contestación das loitas sociais a nivel internacional?

—Eu coido que no marco global o que hai é unha relación de mundialización con neoimperialismo, máis ca de globalización, prefiro mundialización-neoimperialismo, este último encabezado militarmente como todos sabemos polos EEUU. Acho que habería catro puntos xeográficos importantes na escala global para entender esta relación entre mundialización, imperialismo e crise do capitalismo. Dunha banda falaríamos do Iraque, da cruenta intervención militar norteamericana e da guerra que se emprendeu contra todo un pobo e, en particular, contra a resistencia do Iraque. Outro punto importante sería Cuba. Cuba mantense coma un bastión ideolóxico, coma un proceso histórico que comezou hai máis de 50 anos e que penso que conta con elementos moi importantes, dende o punto de vista das situacións libertarias. O outro elemento sería Venezuela, a través desa saída bolivariana non só cara ao propio país senón tamén cara a fóra, xerando algún tipo de contrapoder para contrarrestar a influencia norteamericana no comezo de Sudamérica. E o cuarto elemento, situaríao no caso de Colombia, onde hai unha guerra aberta e unhas organizacións armadas que están a dar dende hai varias décadas unhas loitas importantes, que han rematar en función de que haxa un mudanza na correlación de forzas dende un punto de vista progresista e tamén emancipatorio. Estes serían os puntos máis importantes dos que depende o futuro mediato e a longo prazo das loitas sociais na escala global ■

A REESTRUTURACIÓN DO MUNDO DO TRABALLO

Superexplotación e novos paradigmas da organización do traballo



Lei do valor e mundialización do capital

A lei do valor/traballo é a base da globalización-mundialización do capitalismo. Este, na súa fase actual imperialista e expansionista, non se pode entender sen aquela base e as categorías que esta implica, tales como valor, plusvalía, taxa de ganancia, composición orgánica de capital, monopolios e ciclos de capital.

Ao enfocar así o mundo do traballo, necesariamente tense que encadrar no proceso global de explotación que implican, como mostramos neste capítulo, a concentración e centralización de capital. Proceso que, na súa loxica, é dicir, o que implica o capitalismo parasitario, encontra cada vez máis dificultades para producir valor e, polo tanto, riqueza social. Polo que o empresariado como un todo ten que resarcir as súas perdas recorrendo á superexplotación do traballo alí onde existen as condicións económicas, políticas e xurídico-institucionais; é dicir, xa non soamente na periferia do sistema senón, mesmo, nos países do capitalismo central.

Recollemos do libro publicado por Adrián Sotelo en Marzo de 2005 e editado pola CIG, a parte conclusiva de dous dos cinco capítulos nos que se estrutura este libro. Consideramos que estes textos deberan ser un estímulo para a lectura completa deste documentado e esclarecedor traballo.

Crise e reestruturación do mundo do traballo

O Estado desempeñou un papel fundamental na reestruturación do vello capitalismo posbélico para favorecer as forzas de mercado como reitoras do proceso de acumulación de capital. Cumprindo esta tarefa, a lóxica da acumulación e as políticas do Estado e do capital implementaron, mediante reformas neoliberais, a reestruturación produtiva e a flexibilización da forza do traballo. A xestión desta última deixou de depender cada vez máis, en canto a dereitos, prestacións e dinámica salarial, da xestión directa do Estado, para pasar a gravitar en torno das políticas empresariais en representación directa dos intereses estratéxicos do Fondo Monetario Internacional, do Banco Mundial e das corporacións multinacionais.

Debido a un debilitamento da estrutura sindical mundial e das loitas obreiras, o curso ulterior que asumiron as políticas reestruturadoras do capital concéntrase en tres dimensións: a) tendencias moi fortes á rebaixa dos salarios, b) aumento da explotación e superexplotación en todas as súas facetas, e c) extensión da precarización do traballo como un fiel reflexo da imposición da flexibilidade laboral, porque agora o obreiro ten que “traballar máis”, gañando menos, para sobrevivir nun mundo “individualizado” e “competitivo” arrodado de millóns de pobres e fementos.

Sistema de financiamento autonómico: FICCIÓN E REALIDADE

O actual sistema de financiamento autonómico coñecido como réxime común para o diferenciar do foral e que afecta todas as CCAA agás o País Vasco e Navarra, foi aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) nas sesións plenarias de 27 de xullo e 16 e 22 de novembro de 2001. Así foi adoptado como propio polas respectivas Comisións Mixtas Administración do Estado-Comunidades Autónomas, incorporándose ao ordenamento xurídico vixente pola Lei 21/2001, de 27 de decembro. Tres son as deficiencias máis salientábeis: a inexistencia no sistema en vigor de garantías de suficiencia dinámica, o novo sistema avanza timoratamente na capacidade real de autonomía financeira e a marcada asimetría do mesmo no referente ao grao de capacidade de autofinanciamento. Xa que logo, queremos pór de manifesto como se nos presenta a través disto unha descrición completamente invertida da realidade, que trata en esencia de agachar unha situación de dependencia real

XOSÉ DÍAZ DÍAZ

Economista

Entre os principios oficialmente proclamados para este sistema de financiamento autonómico salienta o de estabilidade e vontade de permanencia indefinida no tempo, para sempre a partir do ano 2002, o de súa entrada en vigor. Deste xeito, intentouse declarar completado o 'Estado das Autonomías' e conxelado o normal acontecer democrático-político cara ao recoñecemento da auténtica realidade plurinacional estatal. Ao que seguen propagandisticamente os de xeneralidade, integración, suficiencia, autonomía e solidariedade, que teñen sido sometidos todos e cada un deles a unha crítica rigorosa desde diferentes ámbitos. Porén, nunca se mencionaron outros bens máis obxectivos como o de opacidade e falta de transparencia sobre os resultados do mesmo. Hóubo que agardar a primeira liquidación (realizada no ano 2004 e referida ao primeiro exercicio 2002), para a luz debida irradiar a escuridade dominante até ese momento. Entón foron posíbeis as comparacións acaídas que, entre outras cuestións, deixaron claro o seu carácter negativo e discriminatorio con Galiza¹. A falta de capacidade e vontade política por parte da Xunta de Galiza do PP foi a responsábel, porque actuou nas negociacións que conduciran á definición deste novo e vixente sistema, apandando cun custo máis dos que repetidamente ten que soportar o noso país, que ben pode encadrarse na categoría dos custos de oportuni-

dade derivados da existencia de 'governos amigos' en Madrid. Ou o que case vén sendo o mesmo, a imposición sen contemplacións das concepcións veladas ou abertamente centralistas.

As insuficiencias deste modelo para Galiza, tanto desde a perspectiva da autonomía como da suficiencia son, no entanto, patentes. A súa configuración final demostra ser máis o resultado dun regateo de cada quen en función do peso político propio que na fundamentación en criterios obxectivos. No caso da Xunta de Galiza do PP e á vista dos resultados, brillou escandalosamente pola súa ausencia. Nin se defendeu abordar coa suficiencia requirida as necesidades das diferentes comunidades autónomas de réxime común, tendo en conta a súa situación de partida, o nivel de desenvolvemento relativo, o custo real de subministración e o nivel e calidade de prestación dos diferentes servizos públicos.

Unha proba contundente da inadecuación do modelo para Galiza maniféstase directamente no feito de se o deixar funcionar automaticamente en función das variábeis e ponderacións nel definidas, Galiza recibiría menos recursos no ano base (1999) do que co modelo anterior (1997-2001).

Non é raro, por tanto, que o modelo definira as sintomaticamente chamadas 'Garantías de Mínimos' en cada un dos tres bloques que se integran no mesmo² coa finalidade de que non se producise ese disparate que por si mesmo impediría a aceptación xeneralizada do mesmo polas CCAA prexudicadas. Outra cousa ben diferente é a 'teoría' defendida pola Xunta de Galiza do PP segundo a cal esta 'garantía de mínimos' forma parte da 'solidariedade estatal', insultando lamentablemente á intelixencia menos esperta. Nin sequera chega a tanto o documento de acordo sobre o modelo!

Ademais, debemos ter en conta, en primeiro lugar, a inexistencia no

sistema en vigor de garantías de suficiencia dinámica, ou sexa na súa evolución temporal, como acontecía, porén, no anterior, excepto a garantía no bloque de sanidade relacionada coa evolución do PIB nominal estatal limitada aos tres primeiros exercicios do sistema (2002-2004). En segundo lugar, hai que considerar o establecemento do sistema por tempo indefinido. Deste xeito, a peor situación de partida do noso país trasladarase cara ao futuro empeorando progresivamente a situación financeira da comunidade autónoma e dificultando unha adecuada prestación dos servizos públicos que demandan e demandarán as galegas e os galegos relativamente á situación estatal. Acrecentarase a diverxencia actual.


Ademais o novo sistema avanza escasa, timoratamente, na capacidade real de autonomía financeira. O sistema ten a súa ancoraxe máis na heranza dun Estado centralista que na consonancia cunha estrutura política

O 'Estado das Autonomías' preséntase como relativamente descentralizado no gasto, mais parecía que os ingresos xurdisen maxicamente no quilómetro cero madrileño

Empresa Treves, situada en Pontevedra, dedicada á fabricación de componentes automobilísticos



MIXTIFICACIÓN FLUXOS FISCAIS Ano 2003



e administrativa que tivera en conta a plurinacionalidade real do mesmo.

Por certo, como non recordar agora que cando no ano 1991 se establecera a cesión dun tramo do 15% do IRPF ás CCAA do réxime común con mínima capacidade normativa sobre o mesmo, o PP manifestaba alporizado a súa oposición porque iso pouco menos que ía a provocar a ruptura da unidade estatal (que non provocaría entón a existencia do outro réxime de financiamento, o foral!). Mesmo recorrera tal medida ao Tribunal Constitucional. Sobre o fondo, algo parecido pódese atribuír ás posicións equivalentes do PSOE posteriormente, cando perdeu as rendas do goberno central.

Finalmente, outra das cuestións máis salientábeis do novo sistema é a marcada asimetría do mesmo no referente ao grao de capacidade de autofinanciamento procedente dos recursos tributarios que outorga ás diferentes CCAA. Tamén nisto afecta

de maneira especialmente negativa o noso país, como explicaremos máis adiante.

Así, no barullo confusionista que presenciámos nestes momentos, en relación coa necesidade de modificación deste sistema de financiamento declarado eterno (no Parlamento galego contou co apoio pleno non só do PP, senón tamén do PSOE e da desaparecida Unidade Galega de Guerreiro), pouco debe estrañar a ausencia das comunidades forais en relación con esta importante cuestión, que para elas non é tal.

Mais non é a nosa intención detérmonos agora nas miudezas deste sistema de financiamento senón a de sintetizar o significado político do mesmo e as súas consecuencias para Galiza. Tamén queremos por de manifesto como se nos presenta a través disto unha descrición completamente invertida da realidade, que trata en esencia de agachar unha situación de dependencia real.

Precisamente o cadro "Mixtificación fluxos fiscais" pretende reflectir isto mesmo graficamente, partindo dos resultados alcanzados no último exercicio liquidado correspondente ao ano 2003 do sistema de financiamento das CCAA de réxime común.

Como se sabe, o 'Estado das Autonomías' preséntase como relativamente descentralizado no gasto, mais parecía que os ingresos xurdisen máxime no quilómetro cero madrileño de celebración da chegada do aninovo (xa é sintomático este feito; até os anos se 'produce' nese lugar). Así é, sempre e unicamente, o Estado quen nos dá ou concede graciosamente os ingresos que lle parecen ben para 'o noso financiamento'; non son Galiza e as outras nacións e rexións as que lles dan ao Estado os ingresos que realmente xeran nos seus territorios 'para o seu financiamento'.

Por outra parte, só o Estado ostenta a soberanía como tal e así, no 'Estado das Autonomías', a soberanía auténtica, esencial, descansa exclusivamente no Estado que fai as conce-

sións arbitrarias que lle parece ás súas partes compoñentes, que como moito 'gozan' dunha soberanía non orixinal senón derivada e subordinada á estatal. Nada mellor que a técnica do 'café para todos' para así máis eficazmente negar as nacións constitutivas reais e con iso o carácter plurinacional ou composto deste Estado. E de paso, para deixar claro que non se tratou nunca –nin se tratará mentres poidan evitalo– dunha negociación entre 'partes auténticas constitutivas' o proceso a través do que xurdía o 'novo estado descentralizado'. Consumábase así o paso dun Estado ditatorial centralista a un 'Estado das Autonomías' democrático, como un invento que nega de facto da realidade nacional no Estado que só formalmente aparentase non centralizador. A teima actual a respecto de que os novos proxectos estatutarios teñan que se axustar estrictamente á Constitución de 1978, táboa moito máis auténtica e inmutábel que as leis de deus, é xusto unha reiteración da mesma xogada, dos mesmos conceptos.

Tamén é ben coñecido que a capacidade de establecer impostos deriva da existencia de soberanía. No ámbito do sistema de financiamento, a LOFCA (Lei Orgánica de Financiamento das CCAA, 1980)³ encargouse de definir normativamente unhas condicións concretas para que a posibilidade de establecemento de impostos por parte das 'autonomías' fose na práctica inviábel, recordándonos que a soberanía é cuestión exclusivamente estatal.

Deste modo, cando se negocia un novo sistema de financiamento, aparece como unha evidencia que 'o Estado concede ou outorga'...; cando se contempla o financiamento do sistema sanitario é 'o Estado o que terá que ampliarmos os recursos para iso'. Así as cousas, todos rezamos para que sexa xeneroso e comprenda a nosa triste e penosa situación. Isto non é que sexa crenza firme do 'común dos mortais españois' senón que constitúe unha verdade fundamental

deste réxime que os partidos estatais espallan descaradamente. Slogans como o da 'Galiza subvencionada' e o 'carácter solidario' do Estado son repetidamente utilizados en terra gallega. Resulta en certo modo sorprendente como esta falsificación ideolóxica da realidade, presentada dunha maneira xustamente invertida, ten tanto éxito e non exclusivamente en ámbitos de ideoloxía estrictamente españolista. Desta ideoloxía centralizadora e negadora da realidade deriva reconecérmonos mesmos como país inútil, incapaz de valermos por nós propios. Se vivimos e existimos non é mais que grazas á existencia de tan xeneroso Estado. Non será de estrañar que rematen impóndonos, non só formalmente, unha historia que negue que Galiza existise antes de se consumir algo parecido a un 'estado español', ou o seu equivalente de existencia deste estado desde que 'o Creador' dispuxo que a Terra comezase a dar voltas sobre si.

Pois ben, no ano 2003, último ano liquidado do sistema de financiamento vixente cuxos datos hai pouco foron publicados, o Informe da Axencia Tributaria Estatal (AEAT) relativo á recadación tributaria indícanos que sobre o total desta, 69,7% se atribúe a Madrid e Cataluña (47,5% Madrid⁴; 22,2% Cataluña). Porén, neste mesmo ano, o PIBpm a prezos correntes nestas dúas CCAA significaba 35,7% do estatal (17,4% Madrid; 18,3% Cataluña), case o metade da súa participación na recadación tributaria. É notoria a 'anomalía' do caso madrileño onde a relación entre o coeficiente de participación na recadación é 2,73 veces superior ao coeficiente de participación no PIBpm. Pero é que resulta que ser capital do Estado ten moitas vantaxes, polo que se ve, entre elas, non só a localización dun elevadísimo aparello administrativo-político (investimentos, altos salarios, ...), cuxo custo os teóricos da 'solidariedade estatal' reparten a escote entre todos os españois, xa que 'nos beneficia a todos por igual'⁵, se-

Slogans como o da
'Galiza subvencionada'
e o 'carácter solidario'
do Estado son
repetidamente
utilizados, constituíndo
unha falsificación
ideolóxica da realidade

LIQUIDACIÓN 2003

IMPOSTO	CONSUMO Coeficiente	S/LIQ. 2003		MILLÓNS DE EUROS	
		Recadación Real Estatal	BASE Galega LIQ. 2003	AEAT RECADAC.	
AEAT					
IRPF		46.453,009	2.191,943	1.787,521	Retencións empresas con sede fóra Galiza
SOCIEDADES		21.919,762	867,845	867,845	Empresas con sede fóra Galiza
SOBRE A RENDA DE NON RESIDENTES		947,844	17,467	17,467	
IMPOSTO SOBRE O PATRIMONIO		31,384	0,957	0,957	
RESTO CAPÍTULO I		801,888	0,355	0,355	
CAPÍTULO I		70.153,887	3.078,567	2.674,145	
IVA- Participación territorializada	6,56	40.579,484	2.661,935	1.589,017	Empresas con sede fóra Galiza
ESPECIAIS - Participación territorializada		16.853,117	1.079,741	64,834	
Alcool e bebidas derivadas	5,26	814,510	42,862	6,904	
Cervexa	4,69	229,010	10,744	6,879	
Produtos Intermedios	6,53	18,262	1,192	0,023	
Hidrocarburos	7	9.789,957	684,996	45,380	
Labores do Tabaco	5,31	5.242,855	278,210	0,002	
Electricidade	8,14	758,523	61,737	5,646	
PRIMAS DE SEGUROS		1.125,744	0,846	0,846	Empresas con sede fóra Galiza
TRÁFICO EXTERIOR		966,131	77,704	77,704	Empresas con sede fóra Galiza
RESTO CAPÍTULO II		77,260	-0,101	-0,101	
CAPÍTULO II		59.601,736	3.820,125	1.732,300	
TAXAS DE XOGO			0,052	0,052	
OUTRAS TAXAS			1,024	1,024	
RECARGO APREMIO E OUTROS			11,038	11,038	
XUROS DE DEMORA			7,903	7,903	
SANCIÓNS TRIBUTARIAS			6,595	6,595	
CAPÍTULO III		1.208,178	26,612	26,612	
SUBTOTAL		130.963,801	6.925,304	4.433,057	
CEDIDOS (Na súa totalidade)			737,021		
Sucesións e Doacións					} 564,824
Patrimonio (Xestión AXE).					
Transmisións Patrimoniais					
Actos Xurídicos					
Taxa sobre o Xogo					
Taxas afectas aos servizos transferidos			54,117		
Sobre determinados Meios transporte (X. AXE)		1.300,174	64,636		
Vendas minoristas Hidrocarburos. Estatal (X. AXE)		851,48	53,444		
Vendas minoristas Hidrocarburos. Autonómico			0,000		
TOTAL			7.662,325	4.433,057	
INGRESOS PROPIOS (Dereitos recoñecidos nos Orz. Galegos Consolidados 2003)			179,400		
Tributos Propios			20,200		
Taxas, prezos e outros			69,700		
Ingresos Patrimoniais			12,000		
Desinvestimentos			77,500		
A) INGRESOS TOTAIS XERADOS NA GALIZA			7.841,725		
LIQUIDACIÓN ORZAMENTOS CONSOLIDADOS GALEGOS 2003 (MINECO)			7.505,922		
DEREITOS RECOÑECIDOS NON FINANCEIROS			7.505,922		
Dos que: (Créditos Iniciais)					
Participación das CCLL nos ingresos do estado (PIE-CCLL)			628,400		
Fundo de Compensación Interterritorial (FCI)			155,300		
Fondos Comunitarios			550,000		
Subvencións estatais finalistas			181,800		
Outras Transferencias condicionadas			117,300		
B) RESTO			5.873,122		
EXCEDENTE : A) - B)			1.968,603		

nón tamén a localización das sedes de importantes empresas (públicas, industriais ou de servizos privadas) cuxos centros produtivos operan na Galiza ou no resto do estado. A recadación tributaria do imposto de Sociedades, do IVA, das súas operacións co exterior, ou das retencións dos seus traballadores centralízanse obviamente no lugar de asentamento da sede empresarial.

A pesar disto e malia a súa importancia cuantitativa -e cualitativa-, partindo dos datos oficiais da liquidación do ano 2003 do sistema de financiamento e do Informe de Recadación Tributaria do mesmo ano, podemos comprobar que os ingresos tributarios galegos -entregados a este Estado, soberano máximo- foron dunha contía superior aos 7.662,3 M€⁶. No entanto, segundo o sistema de financiamento en vigor, dísenos e remáchasenos con implacábel teimosía que ese Estado entrega a Galiza para satisfacer as súas necesidades financeiras de atención dos diferentes servizos públicos que debe ofrecer aos seus cidadáns cun nivel de calidade equivalente á estatal, un monto total de 5.717,6 M€.

Mais por riba desta primeira mistificación da realidade no que atinxe aos fluxos fiscais, opera inmediatamente outra con consecuencias ideolóxicas que consideramos ben máis perniciosas para o noso país e para a nosa propia saúde mental. Expliquémonos.

Como sabemos, o sistema de financiamento actual dispón de dous mecanismos para o financiamento das Necesidades Calculadas para a subministración dos servizos públicos: a) uns recursos derivados da recadación ou territorialización⁷ dunha determinada cesta de tributos⁸, que no caso galego acadaron os 2.900,9 M€, sempre no ano 2003; e b) no caso de que o anterior non cubra a totalidade das necesidades, o estado realiza unha transferencia sintomáticamente coñecida como 'Fundo de Suficiencia' para poder financiar esas necesidades (no caso galego este Fun-

do de Suficiencia foi no ano 2003 de 2.762,7 M€, case a metade das necesidades de financiamento total)⁹.

Debe quedar claro que unha configuración así resulta absolutamente necesaria para o sistema funcionar ideoloxicamente tal como o fai. Por unha banda, Madrid, cos recursos tributarios que lle aporta a cesta de impostos máis que financia as súas necesidades, de modo que o Fondo de Suficiencia é negativo (aquí si apa-



Primeira acción emitida por Zeltia, en 1940

rece Madrid como entregando ao Estado: isto debe quedar ben establecido para todos os irracionais e teimudos nacionalistas que non aspiran máis ca prexudicar as súas propias nacións, e 'naturalmente para todos os españois', nomeadamente todos os comentaristas, os 'modernos' bufóns do estado 'moderno'). Porén, Galiza móstrase como incapaz de xerar os recursos tributarios suficientes -malia o que antes vimos- para finan-

É notoria a "anomalía" do caso madrileño, onde a relación entre o coeficiente de participación na recadación é 2,73 veces superior ao coeficiente de participación no PIBpm

EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO LIQUIDACIÓN ANO 2003

M€ INGRESO	CCAA DE RÉXIME COMÚN					2003/1999 EVOLUCIÓN (*)		
	1999	%	2003	%	2003/1999	IAA	2010	2020
(1) Antigos cedidos + Taxas (100%)	6.984,07	12,72	14.917,54	19,05	2,136	20,89	56.296	375.360
(2) IRPF (33%)	10.674,85	19,44	15.422,26	19,70	1,445	9,63	29.361	73.661
(3) IVA (35%)	10.757,11	19,59	14.202,82	18,14	1,320	7,19	23.097	46.266
(4) IIEE	7.222,07	13,15	8.495,48	10,85	1,176	4,14	11.288	16.940
De fabricación (40%)			6.437,84	8,22		-2,83	5.265	3.950
Sobre Electricidade (100%)	7.222,07	13,15	757,47	0,97	1,176			
S/Det. Meios Transp. (100%)			1.300,17	1,66				
(5) Minorista de Hidrocarburos (100%)	620,96	1,13	851,48	1,09	1,371	8,21	1.479	3.258
FUNDO DE SUFICIENCIA	18.646,16	33,96	24.413,52	31,18	1,309	6,97	39.125	76.746
SUBTOTAL	54.905,22	100,00	78.303,09	100,00	1,426	9,28	145.736	353.982
(6) Garantía Sanidade			224,08					
TOTAL	54.905,22		78.527,18		1,430	9,36	146.886	359.333

INGRESO	GALIZA					2003/1999 EVOLUCIÓN (*)		
	1999	%	2003	%	2003/1999	IAA	2010	2020
(1) Antigos cedidos + Taxas (100%)	357,57	8,37	618,94	10,93	1,731	14,70	1.617	6.373
(2) IRPF (33%)	556,20	13,01	763,28	13,48	1,372	8,23	1.328	2.930
(3) IVA (35%)	716,95	16,77	931,68	16,45	1,300	6,77	1.474	2.837
(4) IIEE	474,51	11,10	533,58	9,42	1,124	2,98	655	879
De fabricación (40%)	357,76	8,37	407,20	7,19	1,138	3,29	511	706
Sobre Electricidade (100%)	50,50	1,18	61,74	1,09	1,223	5,15	88	145
S/Det. Meios Transp. (100%)	66,25	1,55	64,64	1,14	0,976	-0,61	62	58
(5) Minorista de Hidrocarburos (100%)	44,23	1,03	53,44	0,94	1,208	4,84	74	119
FUNDO DE SUFICIENCIA	2.124,94	49,71	2.762,74	48,78	1,300	6,78	4.373	8.430
SUBTOTAL	4.274,39	100,00	5.663,65	100,00	1,325	7,29	9.268	18.730
(6) Garantía Sanidade			53,95					
TOTAL	4.274,39		5.717,60		1,338	7,54	9.513	19.686
% G / CCAAs	7,79		7,28			7,29	6,36	5,29

CCAA DE RC						2003/1999 EVOLUCIÓN (*)		
Ingresos tributarios	36.259,06	66,04	53.889,57	68,63	1,486	10,41	107.810	290.322
(7) Transferencias	18.646,16	33,96	24.637,60	31,37	1,321	7,21	40.120	80.517
TOTAL	54.905,22	100,00	78.527,18	100,00	1,430	9,36	146.886	359.333

GALIZA						2003/1999 EVOLUCIÓN (*)		
Ingresos tributarios	2.149,46	50,29	2.900,92	50,74	1,350	7,78	4.902	10.373
(7) Transferencias	2.124,94	49,71	2.816,69	49,26	1,326	7,30	4.612	9.331
TOTAL	4.274,39	100,00	5.717,60	100,00	1,338	7,54	9.513	19.686

* Suposto igual IAA 2003/1999

- (1) Con capacidade normativa
 (2) Con capacidade normativa
 (3) Imputación segundo índice consumo
 (4) Idem, agás no I. Matriculación que son rendementos definitivos
 (5) Rendemento definitivo
 (6) Unicamente no trienio 2002-2004 (PIBpm nominal)
 (7) Fondo Suficiencia + Garantía Sanidade

OBSERVAR:

- O Fondo de Suficiencia medra de acordo co ITEn, sendo portanto igual tal medre para todas as CCAAs de RC. agás no caso de novas transferencias e modificación impositiva polo Estado dos tributos que compoñen a cesta.
- Da inadecuación do sistema para Galiza dá conta exacta o feito de que o Fondo de Suficiencia signifique case o 50% dos recursos totais fronte ao 34% como media para o conxunto das CCAAs. De feito para os casos de Madrid e Illes Balears é negativo. Isto no Ano Base 1999.
- Como o ITEn medra por baixo dos ingresos tributarios, o F. de Suficiencia reduce progresivamente a súa participación na financiación das necesidades. Aínda que este diferencial é moito menor no caso galego: no conxunto cae 2,78 puntos mentres na Galiza só 0,93 puntos (3 veces menos).
- Os Ingresos tributarios medran MENOS na Galiza que no conxunto das CCAAs (13,7 puntos, nada menos).
- Isto implica que o incremento de recursos totais na Galiza É INFERIOR ao conxunto das CCAAs. No 2003 respecto a 1999 (ano base) os recursos galegos medraron o 33,8% en tanto que no conxunto das CCAAs de RC foi do 43,0%, é dicir, 9,2 puntos menos, moito peor que o acontecido no 2002.
- Isto empeorará a cada ano que pase como comprobaremos nas liquidacións futuras. **MENUDA NEGOCIACIÓN!** A extrapolación deste comportamento significaría que se os recursos galegos do SdF significaban o 7,8% dos do réxime común, no ano 2010 situaríanse no 6,4% e no ano 2020 no 5,3% unicamente, amostrándonos unha evolución e unha situación simplemente insostible para o noso país. **MODIFICAR O VIXENTE SISTEMA DE FINANCIAMENTO É UNHA CUESTIÓN PRIORITARIA PARA GALIZA!!**
- De non se así terá efectos negativos para o sostemento da calidade dos servizos públicos esenciais, nomeadamente a Sanidade, como se explica noutra parte.

FUNDO DE SUFICIENCIA

Indicador da 'solidariedade' estatal segundo os partidos estatais e do bó que lle resulta a Galiza manterse nunha situación de dependencia (o escravo satisfeito da súa situación). Presenta unha imaxe invertida da realidade. MIXTIFICACIÓN. Indicador parcial da situación de dependencia política galega para nós.

FONTE: Ministerio de Economía e Facenda

ciar os seus servizos públicos polo que ten que vir, máxica e bulideiramente, o nobre e xeneroso estado español a nos aportar a súa 'solidariedade' condensada no citado Fondo de Suficiencia do sistema.

Calquera pode se decatarse que, mesmo dentro da lóxica deste sistema, os mecanismos de financiamento poderían operar doutra maneira. A cesta de impostos á que facemos referencia consiste nunhas porcentaxes dadas –iguais para todas as CCAA de réxime común– sobre un conxunto de impostos estatais. Porén, dado o diferente estadio de desenvolvemento das diferentes CCAA como froito dun proceso histórico concreto e diferenciado para cada unha delas, párese dunha aparencia simétrica (igual % nos diferentes tributos que compoñen a cesta) para rematar nunha situación asimétrica (unhas CCAA financian cos recursos procedentes da cesta unha maior porcentaxe das súas necesidades). Por exemplo, Cataluña cubre cos recursos tributarios procedentes desa cesta 86% das súas necesidades polo que o 'estado debe axudala' a través do Fondo de Suficiencia, para 'lle financiar' 14% de recursos necesarios. No caso galego xa vimos que o Fondo de Suficiencia, a 'solidariedade estatal', cubre case a metade das necesidades totais. E deixámolo dito así porque resulta evidente que en Cataluña á consciencia maioritaria do país non se lle ocorre en caso ningún considerar o Fondo de Suficiencia como unha expresión da 'solidariedade' do estado para con Cataluña. Ben ao contrario, contrastando notoriamente co parecer imperante polas nosas latitudes.

Porqué, en vez de o sistema parecer simétrico de partida mais asimétrico na chegada, non se establece unha asimetría de partida e unha simetría de chegada? Non sería isto cando menos igualmente xusto e lóxico? Sucedería así definindo diferentes porcentaxes sobre os tributos que compoñen a cesta para cada CCAA de modo e maneira que todas e cada un-

ha financiasen a mesma porcentaxe das súas necesidades totais, ou mesmo a totalidade delas. Mais daquela resultaría evidente o remate da ficción da 'teoría da solidariedade estatal'!! No entanto, debe quedar claro que os resultados para o sistema, desde o punto de vista cuantitativo, serían completamente idénticos. Obviamente non cumpriría o papel ideolóxico chave de xustificación da existencia dun estado cuxa teima esencial consiste en negar a súa implícita realidade plurinacional, e que pretende aparecer con teimosía como o salvador supremo, en concordancia coa inversión da realidade que significa certamente.

Resumindo, o actual sistema de financiamento supuxo no ano 2003 uns recursos para Galiza de 5.718 M, que aparecen como grazosa concesión estatal, cando este obtén do noso país como recursos tributarios ben moito máis que 7.662 M. Por riba disto, preséntasenos como incapaces de financiar os nosos servizos públicos (concreta configuración dos recursos tributarios do sistema) como se só for posíbel grazas á 'solidariedade' estatal (fondo de suficiencia). Tal é a racionalidade dominante: racional para eles, irracional para nós, debería ser, non si? Fronte a esta mistificación dos fluxos fiscais hai que facer xurdir, sacar á luz a realidade tal como é, non como parece ser. O que non debe ser unha cuestión insubstancial ou banal do punto de vista político, dada a extensión actual e crecente da epidemia: a crenza na 'solidariedade estatal' e a 'Galiza subvencionada'.

Adicionalmente, e como consecuencia do anterior, o sistema funciona temporal ou dinamicamente dunha maneira tal que os recursos que fai chegar á nosa comunidade significan unha porcentaxe minúscula dos recursos totais para as comunidades autónomas de réxime común. Se no ano base (1999) o sistema determinou que 7,8% das necesidades totais das CCAA de réxime común correspondían a Galiza, no

En Cataluña á consciencia maioritaria do país non se lle ocorre en caso ningún considerar o Fondo de Suficiencia como unha expresión da 'solidariedade' do estado para con Cataluña

EVOLUCIÓN DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO

CONCEPTO	ANO BASE 1999			1ª LIQUIDACIÓN (ANO 2002)			2ª LIQUIDACIÓN (ANO 2003)		
	GALIZA	CCAA	% G	GALIZA	CCAA	% G	GALIZA	CCAA	% G
0 RESTRICIÓN INICIAL	4.115,53	51.537,85	7,99						
A COMPETENCIAS COMÚNS	2.378,52	28.974,83	8,21						
B COMPETENCIAS SANIDADE	1.751,97	23.579,54	7,43						
C COMPETENCIAS SS SOCIAIS	65,76	804,00	8,18						
1 Necesidades Totais Homoxéneas	4.196,25	53.358,37	7,86						
2 Fondo Incapacidade Temporal	16,31	223,52	7,30						
3 Necesidades C. non Homoxéneas	94,46	1.770,37	5,34						
4 NECESIDADES TOTAIS	4.290,71	55.128,74	7,78						
5 NT - FIT	4.274,40	54.905,22	7,79	5.301,41	71.317,17	7,43	5.717,60	78.527,18	7,28
6 C. SANIDADE - FIT	1.735,67	23.356,02	7,43						
BLOQUE SANIDADE									
7 (NT - FIT) ANO BASE (*)	4.274,40	54.905,22	7,79	4.274,40	54.905,22	7,79	4.282,68	55.109,87	7,77
8 (C. SANIDADE - FIT) ANO BASE	1.735,67	23.356,02	7,43	1.735,67	23.356,02	7,43	1.735,67	23.374,31	7,43
9 = 100 x (8) / (7)	40,61	42,54	95,46	40,61	42,54	95,46	40,53	42,41	95,55
10 Financiación definitiva Total (**)	4.274,40	54.905,22	7,79	5.172,26	67.369,61	7,68	5.513,17	72.427,17	7,61
11 F. SANIDADE [= (10) x (9) / 100]	1.735,67	23.356,02	7,43	2.100,25	28.662,91	7,33	2.234,35	30.725,12	7,27
12 Garantía Sanitaria (PIBpm)				36,80	208,83	17,62	53,95	224,08	24,08
13 TOTAL SANIDADE [= (11) + (12)]	1.735,67	23.356,02	7,43	2.137,05	28.871,74	7,40	2.288,30	30.949,20	7,39
5' FINANCIACIÓN:	4.274,40	54.905,22	7,79	5.301,41	71.317,17	7,43	5.717,60	78.527,18	7,28
Tributaria:	2.149,46	36.259,06	5,93	2.687,28	48.492,41	5,54	2.900,92	53.889,57	5,38
Cedidos tradicionais e taxas	357,57	6.984,07	5,12	532,17	12.258,67	4,34	618,94	14.917,54	4,15
IRPF	556,20	10.674,85	5,21	746,40	14.498,01	5,15	763,28	15.422,26	4,95
IVA	716,95	10.757,11	6,66	848,78	12.919,65	6,57	931,68	14.202,82	6,56
IIEE	474,51	7.222,07	6,57	509,76	8.063,10	6,32	533,58	8.495,48	6,28
V. Minoristas Hidrocarburos	44,23	620,96	7,12	50,17	752,98	6,66	53,44	851,48	6,28
Transferencias:	2.124,94	18.646,16	11,40	2.614,13	22.824,76	11,45	2.816,69	24.637,60	11,43
FUNDO SUFICIENCIA	2.124,94	18.646,16	11,40	2.577,34	22.615,93	11,40	2.762,74	24.413,52	11,32
GARANTÍA SANIDADE				36,80	208,83	17,62	53,95	224,08	24,08

(*) Obviamente isto se modifica unicamente no caso de novas transferencias, polo que un efecto directo deste é a diminución da porcentaxe que representa o Bloque de Sanidade sobre as Necesidades Totais.

(**) Non é a Financiación Total (líña 5), senón a que se utiliza para o cálculo neste bloque (tributos cedidos e taxas con criterio normativo actualizadas polo ITEn + IRPF (sen capacidade normativa) + IVA + IIEE + I. Matriculación + I. Vendas minoristas hidrocarburos + Fondo de Suficiencia).

ano 2003 significaron xa unicamente 7,3%. De extrapolar mecanicamente os resultados do período 1999-2003, no ano 2010 a participación galega se reduciría a 6,5% e, no ano 2020, a 5,5%. Un modo de concretar o significado práctico disto pode se resumir na seguinte conclusión para o ano 2003: Se os recursos (ingresos) que o sistema determina para Galiza (5.718 M€) medrasen a unha taxa igual a que obtiveron como media as CCAA de réxime común, co que se mantería constante a participación relativa de Galiza no sistema, o seu nivel en 2003 debería ter sido 394,8 M€ superior¹⁰, contía nada desprezable como é evidente incluso para o máis lego nestas cuestións.

Unha conclusión final derivada: se algunha comunidade autónoma debe estar interesada nunha modificación do vixente sistema de financiamento esta debe ser, sen dúbidas esquizofrénicas, a galega. Precisamente tanto as posicións idénticas no substancial entre PSOE e PP sobre este 'problema de Estado', como a campaña mediática desatada, permanente e intensificada, predicando sibilina ou descaradamente que cuestións como as reformas estatutarias ou a modificación do sistema de financiamento, intimamente conectadas, non forman parte das preocupacións dos 'cidadáns', non pretende outra cousa máis do que todo permanezca inmutábel, como sempre, sen cambio, isto é, mortos. Rei-

téranse, ratifícanse, advírtennos e ameázannos, como voceiros e lacaios do sistema, de pretendidos intentos de ruptura da sacra unidade estatal se for preciso. Non queren que sexamos plenamente conscientes do conseguinte prexuízo, para as posibilidades de desenvolvemento e a mellora do benestar das galegas e galegos de maneira moi especial, que significa o mantemento da situación actual ■

FONTES:

Sistema de Financiamento das CCAA (30 de novembro de 2001) – CPFF.

Informe Anual de Recadación Tributaria (anos 2002 a 2004) – AEAT

Informes sobre a Financiamento das CCAA 2002 e 2003 (MINECO)

Memoria da Administración Tributaria 2002 e 2003 (MINECO).

¹ Como exemplo contundente, o resultado final no ano base supuxo un incremento no financiamento de 1.820,52 M€ para o conxunto das CCAA de réxime común, dos que a Galiza corresponderon unicamente 80,72 M€, 4,4%, cando as súas Necesidades Totais Homoxéneas significaban 7,86%. Desastre negociador evidente malia as chulerías mediáticas da Xunta no momento de se celebrar o acordo.

² As competencias **comúns** (das que a máis importante é a educativa), as competencias **sanitarias** (INSALUD) e as competencias en **servizos sociais** (IMSERSO)

³ Modificada como consecuencia da aprobación do vixente sistema de financiamento mediante a Lei Orgánica 7/2001, de 27 de decembro, mais que non afectou esta decisiva cuestión obviamente.

⁴ No ano 2004, último Informe de recadación, esta porcentaxe é de 51%.

⁵ Semellante 'principio de beneficio' considéranos os teóricos da 'Galiza subvencionada' algo así como natural. Mágoa que non reivindicuen a localización na Galiza da capital do Estado: veríamos medrar 'milagreira e automaticamente' o PIB 'rexional' e a superación das carencias infraestruturais. Mais hai que presentar a realidade invertida: é moi custoso manter 'o Estado das Autonomías' non é custoso manter unha capital, con actividades predominantemente

non produtivas senón parasitarias, que precisan para o seu mantemento da crecente succión do excedente 'periférico'.

⁶ Deixamos para outros o exercicio de determinar canto superior poderían ser de corrixiren polo 'efecto sede', ou doutra maneira máis correcta, calcular a canto ascenderían os recursos tributarios galegos so as hipóteses do mesmo sistema tributario e Galiza actuar como o faría un país soberano ou independente.

⁷ Non entramos aquí noutra cuestión derivada de grande importancia como é o grao de autonomía financeira galega, de capacidade de xestión e modificación normativa sobre os compoñentes desta cesta tributaria, é dicir, sobre as posibilidades de o goberno galego poder realizar unha auténtica política fiscal, o que nos levaría moi lonxe e nos apartaría do noso interese principal nestas notas.

⁸ Tributos cedidos tradicionais (Patrimonio, Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados, Sucesións e Doazóns e Taxa sobre o Xogo) e Taxas afectas aos servizos transferidos, Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte (Matriculación), Imposto sobre as Vendas polo miúdo de determinados Hidrocarburos, 33% do IRPF, 35% do IVA, 40% dos Impostos Especiais de Fabricación (Cervexa, Viño e Bebidas Fermentadas, Produtos Intermedios, Alcohol e bebidas derivadas, Hidrocarburos e Labores do Tabaco) e Imposto Especial sobre a Electricidade.

⁹ Na gráfica podemos ver que figuran como transferencias totais 2.816,7 M€, compostas polos 2.762,7 M€ do Fondo de Suficiencia e 54,0 M€ correspondentes á Garantía Sanitaria, consecuencia do superior incremento do PIB en relación co dos recursos para financiar a sanidade que achega o modelo. Esta garantía só funcionou no período 2002-2004 para desaparecer no sucesivo, quedando entón como única transferencia o mencionado Fondo de Suficiencia.

¹⁰ No ano 2002, primeiro do sistema en vigor, esta diferenza foi de 250,7 M€. Así, só nos dous primeiros exercicios liquidados a perda acumulada galega de acordo con este criterio é de 645,5 M€ (uns 107.400 millóns das vellas pesetas), sen tomar en conta a inflación, ao redor de 1,6% do PIB nominal galego no 2003.

O actual sistema de financiamento supuxo no ano 2003 uns recursos para Galiza de 5.718 M€, cando o Estado obtén do noso país como recursos tributarios ben moito máis que 7.662 M€

A historia de España e *O reino medieval de Galiza*

“A cultura megalítica en España”, “A conquista romana de España”, “A España visigótica”, “A reconquista española” etc, etc... Esta é a terminoloxía que o españolismo nos entulla polos ollos dende todos os medios ao seu acado: revistas, Dvds, ensaios, libros de texto, videoxogos, novelas, mesmo con esa “Memoria de España” que emitía TVE con tanta xeración de vergoña allea nos espectadores como custa lembrar nun programa que abranguera temas históricos. Folga descubrir o carácter planificado de toda esta enxurrada de publicacións e producións “históricas” e o seu encadre na ofensiva ideolóxica anti-nacionalista da que vimos sendo vítimas as nacións sen estado dun tempo para acó. O historicismo como esteo fundamental da existencia do Estado-Nación é inerente ao españolismo

CÉSAR CARAMÉS BRANCO

Licenciado en Filoloxía Galega. Traballa para a Fundación para o Estudo e Divulgación da Cuestión Social e Sindical en Galiza (FESGA)

“A la historia le rendimos homenaje a través de esta bandera que simboliza la España eterna, apoyada en una Constitución que garantice la unidad y la paz de la nación española.”

Francisco Vázquez

“Estes persoaxes obedecen á súa condición de parvos, e odian o galeguismo, sen teren capacidade para comprendelo. Adouran o Estado unitario e centralista, ou sexa, a ‘sagra unidade da patria’ (verbas máxicas, capaces de facer parvear a calquera, incluso a un intelectual). Creen que as autonomías rompen a unidade da súa patria, que é unha boliña que lles meteron na cabeza cando eran nenos.”

Daniel Castelao

Dende que se procurou a xustificación do Estado liberal moderno e unitario era obvio que non se podía botar man da realidade cultural ou lingüística contemporánea para sina-



lar a existencia dunha única nación homoxénea e entón o que se fai é procurar e sobrancear por riba de calquera outro factor unha causa no pasado. Un pasado interpretado para a ocasión que se fai cadrar co que convén cando se sae do rego. Deste xeito, nace ese conto de bos e maus, resistentes e invasores, cristiáns e infieis, imperialismos bos e civilizados, ou escritores súper-universais, que é a historia española oficial. Os contos, como todos sabemos, son ficción pero tamén serven de ferramenta perfecta para o adoutrinamento pola súa simplicidade. Así, na historia que o franquismo nos facía repetir de cor e interiorizar coma o catecismo, púñase énfase nunha xeira de sucesos históricos que cumpría assimilar tal que dogmas pétreos.

Os celtíberos como mestura do mellor de dúas culturas e orixe do pobo español. A resistencia contra os romanos do lusitano Viriato, Numancia e mais as guerras cántabras como pro-

ba da alma destemida e libre dos españois. A listaxe de emperadores e intelectuais nados na Península Ibérica durante o imperio romano como achega de España á grande obra civilizadora dos romanos que agora xa son bos. Os visigodos como os bárbaros máis civilizados que dan ergueito unha España unificada e independente por primeira vez e que se fan españois de todo ao converterse ao catolicismo. Neste momento, cumio do conto no que parece que o destino unitario marcado por Deus se estaba a cumprir, aparecen en escena as cabalarías islámicas dos mouros mausimos que invaden esa nación feliz e cristiá. Pero non todo estaba dito e nas antes pouco poboadas e inaccesíbeis montañas asturianas abéiranse todos os españois patriotas que, de vagar, nun proceso de reconquista que dura case 800 anos –algo insólito na historia de calquera país do mundo– primeiro co reino de Asturias, despois co de León e por fin co de Castela, dáse expulsado os “estranxeiros” e reunificado a nación española. O eixo central da reconquista enféitase con fitos varios do españolismo tal que a batalla de Covadonga, a providencial descuberta dos restos do apóstolo Santiago, o Cid, Santiago matamouros en Clavijo ou as Navas de Tolosa. A “reunificación”,



despois de setecentos e pico anos, óbrana os reis chamados, como non podía ser doutro xeito, “católicos”. Aquí, dísenos que Fernando é rei de Aragón e é case a única vez que se nos fala doutro reino que non sexa a sucesión Asturias-León-Castela. A independencia de Portugal cítase de pasada coma quen non quere a cousa xa que é un auténtico gran nas nádegas da unidade peninsular.

A descuberta de América e a conseguinte civilización dos bárbaros indixenas preséntanos como misión predestinada por Deus para a súa nación máis fiel. Neste punto o relato vírase vagoroso até mesmo describir os detalles e as peripecias da viaxe. Portugal volve xurdir no devalar do conto para resaltar co seu rexeitamento

O Catecismo patriótico español era un libro de obrigada lectura nas escolas do Estado franquista. Nel tentábase cultivar nos pícaros o espírito *nacional* e o amor a España con lindezas que aínda teñen hoxe asisados defensores na tribuna da oficialidade española: “*El pueblo español puede darse por netamente constituido cuando, después de la irrupción de los bárbaros, se los asimiló e incorporó con la conversión de Recaredo al catolicismo.*” Ou “*Las principales y más gloriosas empresas de España son ocho: 1ª Humanización y espiritualización del imperio romano; 2ª Conversión y civilización de los bárbaros; 3ª Expulsión de Europa de las huestes agarenas; 4ª Derrota de los turcos en Lepanto; 5ª Defensa de la civilización cristiana y del espíritu greco-romano contra el protestantismo; 6ª Descubrimiento, conquista y civilización de América; 7ª Derrocamiento del imperio espúreo de Napoleón I; y 8ª Aplastamiento del bolchevismo ruso-asiático.*”



O videoxogo *Imperium II La Conquista de Hispania* recomendado polas altas oficialidades españolas (Decanato da Facultade de Historia da Universidad Autónoma de Madrid) é un revoltallo de despropósitos canto a rigor histórico. A península, poboadada uniformemente por Iberos enfróntase a cartaxineses e romanos nunha guerra de liberación. Os montes Herminios (posibelmente a serra da Estrela portuguesa) son situados en Galiza dende onde Viriato, nacionalizado ibero, ten de reconquistar toda a península. Este é un exemplo das moitas barbaridades que no xogo abundan. Eis a historia que o españolismo quere impor nos colexios desprazando os “mitos” do nacionalismo.



Este artigo da revista *Clio* segue a presentarnos a resistencia aos romanos do caudel lusitano Viriato como unha loita de liberación española. Para iso sitúao interesadamente en Hispania, topónimo sucesor de Iberia na referencia ao límite occidental do mar mediterráneo e que só tiña carácter xeográfico (tal que hoxe montes Urais, río Nilo, Pirineos, macizo Galaico...). Viriato non sabía o que era Hispania nin loitaba por ela. El era lusitano, un pobo de fala indoeuropea emperantado cos galaicos do Norte que nada tiña que ver cos iberos (non indoeuropeos) como manipuladoramente se afirma na entradiña. A equiparación da Hispania dos textos clásicos co Estado Español actual é unha constante na historiografía españolista sen fundamento ningún. Hispania, quer dicir, a península Ibérica (aínda que decote abranxe tamén o Norte de África), nin sequera tivo a consideración dunha unidade administrativa básica como a provincia no artellamento do imperio romano, Lusitania e Gallaecia pola contra si.

do proxecto de Colón a clarividencia ou a predestinación de España. Despois, as revoltas *comuneras* castelás que seica non querían un rei estranxeiro coma Carlos I de España e V de Alemaña. Pero todo volve ao rego cando o monarca, após esmagar a rebelión, dá unha mostra de suma españolidade e chanta Castela como centro e celme do seu nacente imperio. A seguir, o esplendor dese mesmo imperio onde non se puña o sol con Felipe II como persoeiro no que se deter a magnificar. A decadencia, a terríbel crise económica que aparece a continuación, contraponse co século de ouro das letras españolas (O Quixote símbolo da hispanidade) e coa gavanza a ese trazo tan castizo, a picaresca. España sempre sobrancea aínda que muden os eidos nos que o fai.

A chegada dos absolutistas Borbóns véncellase á ilustración co despotismo ilustrado como pegamento, e pouco ou nada se nos di das resistencias catalás ao seu "centralismo" senón é, outra volta, a xeito de oposición a unha dinastía non española (xa que os Austrias, xa o nome o indica, si que o eran).

Outros envexosos inimigos cobizan, así e todo, a gloria española: os acomplexados franceses, desnortados após a súa sanguenta revolución, inician unha vaga expansiva por toda Europa cun Corso pequeneiro como líder. Mediante enganoso, burlan o coitado rei español e invaden España enteira con intelectuais quintacolumnistas como axentes, os *afrancesa-*

dos. Daquela, a gloriosa "Guerra de independencia" coa figura do bandleiro/guerrilleiro da serra andaluza como pinga romántica que antecede o fracaso das cortes de Cádiz, fito da obsesión constitucionalista do españolismo, e a volta ao absolutismo. Dende aquí, o século XIX pasa no ar, nunha mesturanza de datos e datas para reflectir o caos que supón andar a mudar as cousas decontino e "radicalmente". Unha boa maneira de pasar por alto o retraso español na superación do antigo rexime e mais a traumática e progresiva perda das colonias de ultramar. O século XX, pola súa proximidade intepretáse neste conto franquista como morea de desgrazas e perigos que preludian e xustifican a redentora implantación do rexime fascista daquel momento.

Se formos quen de abstraernos; de cando menos tentar abandonar por un intre o peso desa educación colonial que nos insuflaron coma un narcótico dende ben cativos e que dende todas as partes teiman en seguir a batucarnos nos miolos; de darmos fitado dende os outeiros da razón esta historia, xaora que habíamos percibir o carácter lendario da mesma. Comparariámola cos mitos fundacionais de antigas sociedades ou coas lendas coas que aínda algúns grupos tribais xustifican o seu artellamento social ou a súa situación verbo das tribos veciñas por pór dous exemplos ben gráficos. O que de seguro non poderíamos manter, e mesmo nos causaría graza valorar a posibilidade, sería calificar isto de Historia, así, con maiúsculas. Pois ben, esta conclusión, que non cómpre ser nacionalista para compartir -abonda con ser racional, repetimos- sitúase hoxe, coma o Vélaro de ouro ou o San Graal de noutrora, á fin dunha congostrada de trabas e miraxes enganosas que embafan a visión do camiñante por mor da incesante xistra de propaganda que o españolismo anda a deitar por onde pode, e pode bastante.

Os historiadores *oficialistas* e *oficiosos* de hoxe, no canto de revisaren



Os historiadores *oficialistas e oficiosos* de hoxe reforzan o esqueleto básico do conto mítico anterior e axeónllanse intelectualmente perante personaxes coma Menéndez Pidal ou Sánchez Albornoz

o esquema tradicional e re-examinar sen prexuízos a historia dos territorios que na actualidade están baixo a administración do seu Estado, reforzan o esqueleto básico do conto mítico anterior e axeónllanse intelectualmente perante personaxes coma Menéndez Pidal ou Sánchez Albornoz. No fondo de todo isto atópase a concepción idealista e esencialista da nación, tan propia do chauvinismo imperialista, que os leva a ver en toda a parte o pulo dunha abstracción chamada España que, coma unha deusa, foi iluminando os vieiros dos protagonistas de canto aconteceu nas terras da Península Ibérica dende case os comezos da presenza humana na mesma. A crenza na eternidade e na irrefutabilidade dos valores que representa esa idea que todo o sobrevoa, failles colocar o carro diante dos bois e a conclusión da análise dos feitos antes da propia análise.

Malia os ataques que certa intelectualidade española "progre" poida lanzar ao esquema tradicional, na práctica, o criticado son matices formais ou visións radicalizadas de acontecementos aínda recentes, coma a Guerra de 1936, e sempre baixo ópticas de dereita-esquerda que rematan tamén por xustificar, igual que o facía a historia franquista co daquela, o actual rexime monárquico-parlamentar-autonómico. A cerna da cuestión, a mesma consideración da súa idea de España como suxeito histórico eterno e indestrutíbel, iso, séguelles a parecer incuestionábel a uns e a outros.

Este medo a tentar coñecer a verdade, a tentar aceptar as explicacións máis lóxicas e coherentes, malia se saíren da pauta tradicional, só se pode dar entendido se repararmos na cernella dependencia que o españolismo ten da historia que el mesmo creou. O nacionalismo galego podería, como xa fixera Castelao, renegar de vez da nosa historia, de interpretármola como historia das elites igual ca eles (listaxe de reis, batallas...), e pouco se había resentir a engrenaxe ideolóxica do noso movemento de liberación. Mais para a historiografía española o inegábel carácter diferenciado da cultura dos castros, o reino galego, suevo ou medieval, tanto lles ten, as revoltas irmandiñas, a resistencia armada contra as políticas de "doma y castración" de Galiza dos Reis Católicos, as múltiples reclamacións portuguesas de reunificación con Galiza ao longo dos séculos, os cartaces en galego chamando á loita contra Napoleón, o Rexurdimento, o estatuto do 36 como paso na liberación nacional e unha das causas directas do golpe fascista, etc... supoñen auténticas navalladas no farrapo *rojigualda* que lles anoaron aos ollos de meniños e sonlle incompatíbeis tal cal coa verdade única, que coma o único Deus lles impera infalíbel no ollar: a España grande e eterna. Xa que logo, só lles restan dúas opcións: ou negar o evidente co emprego de rebuscadas e anacrónicas interpretacións dos feitos, ou procurar o seu inserimento no guiñón oficial a xeito de

Existen publicacións que desde a Galiza optan por buscar interpretacións científicas da nosa realidade.

Neste artigo do inefábel César Vidal publicado na revista que el asesora: *Historia de Iberia Vieja*, reincídese na idea de considerar os escritores e intelectuais romanos nados na península Ibérica como contributo de España ou Hispania, para eles vén sendo o mesmo, ao refinamento e á superación do Imperio Romano. A argumentación mergúllase sen vergoñas no ridículo ao pintarnos a península como unha unidade homoxénea habitada por un único pobo chamado hispano que foi de difícil conquista pero que axiña se romanizou para, pola súa superioridade inata, chegar a ensinar latín aos propios romanos a través dos intelectuais que lle fornece ao imperio. Folga aquí lembrar a grande variedade étnica existente na península na Idade Antiga, o desigual avance romano segundo a oposición dos diferentes pobos que ían sometendo, a tamén irregular romanización, ou o incorrecto de lles outorgar unha identidade “hispana” diferenciada a cidadáns romanos coma Quintiliano e Marcial dos que se trata no artigo.



anécdota rexional ou nota a pé de páxina con pouco éxito.

Por outra banda, a actualización desa historia, a crítica fonda, ou, sobre todo, os choques coas historias nacionais doutros países e estados mínguense ou várense co vergallazo firme da oficialidade empoleirada no trono da verdade suprema que descalifica, ridiculiza e acusa de fanatismo a quen cuestione a solidez da súa resesa ortodoxia. É o medo a ese dedo acusador o que decote leva a algúns historiadores galegos, que mesmo se confesan nacionalistas, a renegar dos seus precursores ou incluso de toda a historiografía galega anterior á súa chegada por “científica e panfletaria”, mentres calan ou contribúen á gavanja dos homólogos españois xustificándolles imprecisións ou enfoques, igual ou, acotío, máis trabucados, pola tesitura e a época na que lles cadrou vivir. É tamén o auto-odio o que pecha en círculos os traballos doutros que, no canto de valoraren o aproveitábel dos seus antecesoros na materia e desbotaren o errado, sempre co obxectivo do avance no coñecemento da nosa historia, cinxen a súa laboura cáseque en exclusiva á crítica e o afundimento destes coa única pretensión de se desmarcaren dos que, con menos medios, sen precedentes, e en tempos máis difíciles, deron aberto camiños para o coñecemento da historia de noso.

Aínda uns outros historiadores galegos achan o xeito de engastaren a nosa historia no panfleto español dende unha postura que –malia con-

cordar coa indiscutíbel, para eles, “especificidade” galega– estaría enmarcada así e todo, canda a vasca e a catalá, nunha unidade de destino superior selada pola “convivencia” e a “familiaridade”, quer dentro dun suposto marco institucional común e secular, quer pola simple veciñanza. Ao cabo, é a incapacidade de superación total da idea da unidade peninsular eterna e inerente aos pobos que viven na *piel de toro*, o que os arrastexa á procura de trazos comúns de hispanidade no devalar histórico de nacións diferentes. Ao que serve esta visión, o modelo político que del zumega, é o recoñecemento aparente dos dereitos das nacións sen Estado para, a seguir, sobre a base desa dominación secular que eles chaman convivencia, marcarlles a plasmación real dos mesmos nunha lóxica tesitura española o que, de facto, supón negarllos.

Así e todo, aleda comprobar que, pese a quen pese, segue a haber en Galiza, cada vez máis estudosos e investigadores ceibos dos clixés e prexuízos que nos envolven. Anselmo López Carreira é un claro exemplo de autor rigoroso e anovador dos que andan a desenterrar a historia do país con mandobres certos ao veo españolista. O seu libro *O reino medieval de Galicia* (A Nosa Terra, 2005) fai ferida fonda na osamenta oficial. Nel, seguindo o rego que Camilo Nogueira deixaba enxergar n’*A Memoria da Nación I* (Xerais, 2001) descóbrenos un espazo institucional milenario, o reino de Galiza, negado, manipulado, agochado.

Valéndose das propias fontes e tendo presente o interese ideolóxico que o españolismo sempre tivo no período medieval, López Carreira, após unha fonda análise das versións que verbo deste período se teñen dado, traza con man firme o debuxo dunha explicación alternativa á visión tradicional e españolista. Nunha fuxida desta tendencia tan xeneralizada na historiografía española oficial a trasladar valores e ideas actuais ao pasado, o autor sitúase no universo conceptual correcto en cada momento e sèrvese da comparación con situacións paralelas que pola altura se dan nun mesmo período: a Europa tardo-romana e medieval, canda, fundamentalmente, os testemuños conservados e unha amplísima bibliografía. Deste xeito, batemos coa pervivencia do reino galaico-suevo como tal tamén baixo reis visigodos, descubrimos no reino galego a orixe e o núcleo do reino cristián occidental e situamos na tesitura correcta o pouco que se sabe de señores galegos como Paio (o *don Pelayo* das historias españolistas) ou o acaído da descuberta do apóstolo en Compostela.

Pero iso non é todo, o refugamento, tan de actualidade nos investigadores máis rigorosos, de conceptos dicimónicos coma o da *reconquista* e *repoblación*, sobe outro chanzo coa documentadísima tese do noso autor. Fronte a unha imposíbel Península Ibérica en constante e centenario conflito bélico e repoboamento, ensínase nos a conformación e o camiñar de dous espazos políticos, a Galiza cristiá e a España musulmá (así é como os denominan as fontes da época). Espazos permeábeis ás influencias culturais e tecnolóxicas mutuas e doutros ámbitos igual de próximos, coma o reino de Navarra ou o franco, e tamén cos conflitos puntuais propios dos estados fronteirizos en tan largacío período de tempo. Entendemos tamén así, a causa lóxica do estenso e intenso emprego do galego, xa non só no propio reino senón alén dos seus lindes, ao velo como lingua de poder. O idioma que falaba a nobreza, o clero e os reis, o que,

alén de ser empregado polo pobo coas súas variedades, arrufaba o aparello institucional e relixioso. Afastámonos, asemade, de explicacións tan acientíficas, e aínda en voga nalgúns autores, como a de que a razón cómpre atopármola na súa fermosura e nas súas condicións para a lírica.

A medra e a fragmentación do reino galego, a súa decadencia e as arqueadas derradeiras de resistencia, son nos descritas coa liberdade e co rigor de quen non se deixa impresionar pola xostra da oficialidade e se guía polo que lle marca a razón e a conciencia.

Para os nacionalistas galegos, para os que arelamos unha Galiza soberana e descolonizada, este libro de Anselmo López Carreira non é só unha lectura imprescindible, é tamén unha ferramenta para o contra-ataque, que na loita das ideas temos que desenvolver contra a enxurrada pseudo-histórica do españolismo.

O vencello íntimo entre a historia oficial e o españolismo amósase diáfano nos momentos nos que se abren debates políticos verbo da cuestión nacional no Estado Español. En períodos coma o actual, de simple reforma estatutaria e recoñecemento formal do carácter nacional de Galiza, Euskadi e Catalunya, é cando máis se apela ao conto pseudohistórico españolista para o combater. Face a isto, cómpre intensificar a laboura de divulgación da nosa historia, organizar actividades de carácter lúdico-formativo e apoiar a creación e a consolidación de publicacións sobre a historia local e nacional. O emprego das novas tecnoloxías, enténdase internete ou a creación de audiovisuais, amplían o arsenal do que dispomos. Por último, a chegada ao goberno da Xunta do nacionalismo e, concretamente, á Consellaría de Cultura tense, á forza, que sentir neste eido. De descoidarmos a confrontación ideolóxica co españolismo para nos deixar levar pola inercia das dinámicas de xestión institucional ou pola precaución excesiva, estaremos a perder, xa non só conciencia nacional, tamén a batalla da memoria ■

Fronte a unha imposíbel
Península Ibérica en
constante e centenario
conflito bélico e
repoboamento,
ensínase nos a
conformación e o
camiñar de dous
espazos políticos, a
Galiza cristiá e a
España musulmá

Notas sobre a situación política en Chile

EDMUNDO RAFAEL MOURE ROJAS naceu en Santiago de Chile, en Febreiro de 1941. Fillo de galego e chilena, coñeceu a moi temprana idade o sabor dos libros; familiarizouse coa poesía e a literatura galega da man da súa aboa Elena, que lle narraba vellas historias da Galiza remota. Ao seu pai lle debe o amor consecuente coa causa da nosa nación. Nos estantes da súa casa materna circulaban con Rosalía, Pondal e Curros; Machado, Lorca e Espronceda.

Produtor e director na Radio Universidad de Chile, entre os anos 85 e 91, dos programas de difusión cultural, "Confines de Hispanoamérica", "Vieiros de Galicia", "Toda España" y "La Veu de Catalunya". Foi presidente da Sociedad de Escritores de Chile, en 1989. Director cultural do Lar Galego desde 1994. Impulsou a creación do Programa de Estudos Galegos, patrocinado pola Xunta de Galiza e do Instituto de Estudos Avanzados da Universidade de Santiago de Chile, mediante o cal imparte o ensino do galego como "crédito electivo" dentro do currículo académico. En Maio de 2001, coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, deu inicio, na Universidade Santo Tomás, a unha Cátedra de Lingua e Cultura Galegas. Desde 1995 é colaborador permanente no semanario "Galicia en el Mundo".

Ten publicado as seguintes obras: "Ciudad Crepuscular" 1981, "Mas Allá del Pan" 1982, "Instantáneas" 1983, "Tres Veces Siete" 1984, "La Voz de la Casa" 1985, "Rebeca" 1986, "Gente de la Tierra" 1987, "Entresiglos y Quimeras" 1994, "Cuentos y Poemas del Mundo Minero" 1997, "Galicia y Chiloé, Confines Míticos" 1997, "Memorial del Último Reino" 2002, y "Palabras de Sur a Norte" 2004.



No mes de decembro do presente ano realizaranse comicios xerais para elixir o presidente, os senadores e os deputados. O 12 de setembro os partidos inscribiron os seus candidatos. Como é lóxico, en toda contenda electoral ponse na balanza o peso que cada partido ou conglomerado de partidos representa no electorado do país, co obxecto de facer valer a súa influencia na administración do poder político. Pero, existe outro factor ademais dos sinalados, que estea en xogo nas próximas eleccións en Chile? Estas eleccións corresponden coa balanza da transición democrática? Ou relacionase máis cun proceso que, retomando o curso da historia recente, coloca os traballadores como forza sociopolítica de primeira importancia?

Que Ricardo Lagos fose socialista volveu a alimentar as expectativas populares, pero a realidade demostrou que o seu goberno é o máis liberal dos tres concertacionistas

Lentamente, as manifestacións dos sectores populares tonificanse e ampliáanse. Timidamente aspiran a participar no político. O progreso limitado que se observa mantén un ritmo que se explica, tanto polos efectos do golpe militar do 73 e a posterior tarefa de aniquilamento desenvolvido polo militarismo, como pola contención das mobilizacións que caracterizou os tres gobernos da Concertación Democrática. Difícil resultará comprender este ritmo se non apreciamos o desenvolvemento das loitas populares e a súa procura dunha expresión orgánica e política na relación cos procesos políticos históricos recentes.

O triunfo electoral da esquerda chilena no 1970 no só provocou o desprazamento e a perda do poder político dos partidos da burguesía, senón que tamén articulou un proceso de mobilización obreira e popular como xamais se tiña observado antes na historia social chilena. Esta convocatoria de masas que precede o triunfo do goberno da Unidade Popular e a súa extraordinaria ampliación posterior, xerou as condicións para a instalación de novas formas de organización popular que levantaron o problema de acceder ao poder económico e social. Durante tres anos existiu unha situación prerevolucionaria que, pasando por diversas etapas de praxe, acadou o seu clímax en xullo-agosto de 1973.

O golpe contrarrevolucionario produciuse ao mes seguinte. Dúas semanas antes, o goberno da Unidade Popular concordara coa oposición de dereita, entre outros acordos, devolver as fábricas ocupadas polos traballadores e entregar os principais ministerios aos militares. Tras o Golpe Militar xurdiron o desconcerto e a desmoralización entre os traballadores que viran como se paralizaba a súa ofensiva pola vía das negociacións, para desembocar no definitivo *putsch* do 11 de setembro.

Hoxe moitos recoñecen que faltou unha dirección política que orientase un desprazamento audaz do po-

der político ás organizacións de masas, propiciando formas de coordinación transversais en defensa do proxecto que encabezaba a Unidade Popular, factores que explican a indefensión á que sucumbiu o Goberno de Salvador Allende.

Logo, durante perto de dez anos, a maquinaria militar encargada de exterminar aos dirixentes populares, logrou subtraer do escenario social as manifestacións do descontento dos sectores obreiros e populares. Así, a mediados de 1983, baixo os efectos dunha crise económica que atafegaba o conxunto da nación, produto de incontroladas especulacións financeiras que levaron a un virtual colapso da banca, os traballadores do cobre encabezaron un breve proceso de mobilizacións que foi comprometendo diversos sectores da sociedade. A violenta represión, agudizada nos sectores poboacionais periféricos, non se fixo esperar.

A caída brutal dos ingresos, unha taxa de desemprego superior ao 25%, sumado ao abandono das políticas sociais, especialmente dos sectores da Saúde e Educación, foron o acicate que fixo saír as rúas masivos grupos organizados que, mes tras mes, xeraron grandes protestas nacionais que terminaron por paralizaren as principais actividades produtivas do país e fixeron comprender ao empresariado que a tranquilidade no poder non se acadaría unicamente a base do terror aplicado polos servizos de seguridade do Estado policial.


Durante seis anos consecutivos, o militarismo tivo que se enfrontar a unha poboación que perdera o medo ao poderío armado. Mentres tanto, canto máis impactantes eran os crimes cometidos, maior era o movemento de protesta e máis potente a organización que comezaba a exhibir o movemento popular.

Os sectores dominantes entenden que a forza militar xa non é o único soporte que pode garantir a administración do poder. Novamente, faise necesaria a negociación que procura retirar da escena social a mobilización



Nas fotografías Salvador Allende. Nesta páxina, na Casa da Moeda resistindo ante o golpe militar do 11 de setembro que levaría ao Xeneral Pinochet á xefatura do Goberno o

Libro editado no 30 aniversario do derrocamento do Goberno do Presidente Allende. O autor, Luis Corvalán Lépéz, naceu en Porto Montt en setembro de 1916. Ingresou na Escola Normal de Chillán e recibiu o título de profesor primario. Desde os seus anos mozos sentiuse atraído polo xornalismo de combate. Iniciouse no xornal *Frente Popular* e máis tarde foi un dos fundadores do xornal *El Siglo*, xunto a unha equipa da que formaban parte Volodia Teitelboim e o economista Aníbal Pinto, entre outros. Alí foi reporteiro sindical e político, chegando a ser o seu director. En 1932 ingresa no Partido Comunista, sendo Secretario Xeral do mesmo desde 1958 a 1989. Foi Senador da República en dous períodos, o último foi interrompido polo Golpe Militar de 1973. O réxime do Xeneral Pinochet confinouno a Dawson con algúns dos dirixentes máis destacados da Unidade Popular e posteriormente estivo en campos de prisioneiros en Ritoque e Tres Álamos. É autor de numerosos libros.



dos sectores desposuídos, cuxa efervescencia traspasa as fronteiras de Chile e fai resón en organismos internacionais e medios de prensa externos que comezan a presionar o goberno de Pinochet, ameazándoo coa suspensión de créditos e de axudas armamentísticas.

Baixo o beirado que brinda a chamada das igrexas á reconciliación, comezan a se recompor os partidos políticos, que estaban en receso, como a Democracia Cristián e o Partido Radical, e outros ilegalizados, como o Partido Comunista e o Partido Socialista. Durante tres anos, desde 1986 até 1989, sucédense os intentos por chegar a un acordo entre os sectores da "oposición moderada" e o goberno *de facto*. Mentres tanto, na base social, a mobilización crece e esténdese perigosamente.

Os partidos de esquerda (Comunistas e Socialistas) desenvolven unha política ambivalente, intentando nadar entre dúas augas, apoiando as mobilizacións e intentando ser parte da incipiente negociación. As presións que recibían, por parte da dereita, para que fixesen fe pacifista, acatando o sistema, e as que recibían desde as súas propias bases comprometidas nas mobilizacións leváronos a unha sorte de extravío en ambos os espazos.

Posteriormente, o impulso antidiatorial foi capitalizado por unha coalición de centro-esquerda que tiña como partidos fortes a Democracia Cristián e o Partido Socialista. Este último, "renovado" e abxurando do

seu carácter marxista, e a grupos socialdemócratas unificados nun partido instrumental: o Partido pola Democracia (PPD), onde se perfila Ricardo Lagos como "non Marxista", e o debilitado Partido Radical, que acubilla grupos masónicos e outras expresións de trasnoitado laicismo.

O intento fracasado de FPMR (Frente Patriótica Manuel Rodríguez) por axustizar o ditador e o descubrimento dun cuantioso arsenal no norte do país, foron utilizados como escusa para deixar fóra de todo acordo o Partido Comunista, propiciando, á súa vez, que os sectores "centristas" do Partido Socialista se incorporasen, divorciados das súas bases, a Concertación de Partidos pola Democracia, conglomerado que ven gobernando Chile desde 1990 até a data, e cuxa candidatura á Presidencia para o período 2006-2010 se perfila como gañadora.

A dereita reagrupase en dous partidos: Renovación Nacional, que agrupa os sectores máis liberais, o que en xerga política se denomina "dereita civilizada", e a Unión Democrática Independente (UDI) que representa os sectores máis duros, ligados ao Goberno militar, moitos de cuxos conspicuos dirixentes exerceron tarefas de mando político e económico na ditadura.

O acordo partidario consistiu, basicamente, en acatar o itinerario institucional que estaba consignado na Constitución Política de 1980, máis a aceptación de algunhas leis nomeadas "de amarre", que tiñan por obxecto a protección dos colaboradores da ditadura, a intocabilidade do cargo laboral de todos os empregados públicos, así como a conservación de privilexios, a renuncia a revisar as privatizacións realizadas durante a ditadura, que redundaron nun virtual saqueo de bens públicos, empresas e propiedades fiscais.

A constitución política que, centro de gravitación onde xiraban todos os partidos políticos, rotulada na antevéspera como fraudulenta, xa que fora xerada polo Goberno Militar a través

dun plebiscito, en momentos nos que non existían rexistros electorais que permitisen controlar democraticamente aquel proceso, agora orientaba un proceso de transición política baseado nos “consensos”, pondo énfase nunha vagarosa “reconciliación” que non era outra cousa do que o esquecemento dos crimes perpetrados.

O primeiro comicio que se levou a cabo, para descomprimir as mobilizacións, foi o plebiscito convocado para decidir se se aceptaba que Pinochet continuase por oito anos máis a cabeza do goberno ou que, no termo dun ano, se realizasen eleccións para elixir un novo presidente. Gañou a Concertación opositora, como era de esperar, pero o Ditador obtivo unha alta votación (sobre 45%), aínda considerando a esmagadora máquina publicitaria e de control exercida sen ambaxes pola ditadura.

Tres candidaturas competiron pola primeira maxistratura nas eleccións convocadas para decembro do 1989: Andrés Aylwin (Concertación de Partidos pola Democracia), Hernán Buchi (por Renovación Nacional e a UDI), e Francisco Errázuriz (Independente de Dereita), quen representaba un grupo de empresarios que buscaban obter un mínimo caudal electoral para negociar directamente co novo goberno democrático.

Aínda que a maioría dos sectores burgueses pecharon filas tras a candidatura de Buchi, máis como un acto de recoñecemento e de solidariedade co militarismo que debía “volver aos seus cuarteis”, tiñan a certeza que todas as candidaturas resgardaban, máis ou menos, os seus intereses de clase.

No entanto, as masas populares afanábanse con entusiasmo a apoiar a candidatura de Aylwin, pois o triunfo da súa postulación simbolizaba a derrota da ditadura e a apertura dunha esperanza.

Pero axiña comezou a xerarse o desencanto, pois a política socioeconómica sería a mesma que puxera en práctica a ditadura, co beneplácito do Departamento de Estado dos EUA e



do F.M.I.: establecemento do libre mercado e dos equilibrios macroeconómicos. Neste esquema, realizáronse reformas á lexislación laboral que non modificaron substancialmente o Plano Laboral da ditadura, persistindo os despedimentos inxustificables de traballadores e instaurándose formas indignas de subemprego. Por outra parte, renúnciase a obter plena xustiza nos delitos de violacións dos dereitos humanos, propiciándose investigacións de valor máis ben simbólico, para entregar algún paliativo aos familiares de detidos desaparecidos.

Se ben este descontento era previsible, o que non estaba en ningún dos cálculos foi o raquitismo electoral da esquerda extraconcertación democrática, como o Partido Comunista, a Esquerda Cristián e sectores do MAPU (Movemento Agrario Popular Unificado). Se ben é certo que o sistema electoral vixente só permite a representación dos grandes bloques, as porcentaxes obtidas por aqueles grupos están moi por debaixo dos acadados en tempos anteriores á ditadura.

No ano 1994, a Concertación de Partidos pola Democracia logra instalar un segundo Goberno, esta vez baixo a dirección de Eduardo Frei Ruiz Tagle, capturando o voto da esquerda por medio da ameaza da posíbel chegada ao poder da coalición dereitista (Renovación Nacional-UDI). O novo goberno, alén de ser continuador dun modelo neoliberal, terminou por abrir aínda máis a economía ao capital estranxeiro, eliminando as trabas



Gladys Marín, dirixente histórica do Partido Comunista de Chile, do que foi Secretaria Xeral, traballou na clandestinidade tras o Golpe Militar. Loitadora incansábel contra a ditadura (presentou en xaneiro de 1998 a primeira querela contra Augusto Pinochet, por ese entón aínda Comandante en Xefe do Exército), faleceu o 6 de marzo do presente ano.



que consagraban certas limitacións, tales como tempo de permanencia, porcentaxes de reinvestimento e *royalties* no puxante sector mineiro.

A presión social logra ser atenuada, pois, efectivamente, verifícase un maior dinamismo na economía, o que beneficia o consumidor medio, pero a costa de ir liquidando a xestores do mercado polo miúdo. Almacenistas, ferraxeiros, panadeiros, etc., pequena burguesía comerciante que entrega o seu apoio entusiasta ás candidaturas de dereitas, asiste con estupor á crecente deterioración das súas actividades de produción e servizos.

Á falta de decisión para seguir avanzando no proceso democratizador, xunto co fortalecemento dos partidos de dereita, sumase o feito de os militares se mostraren dispostos a saír novamente as rúas se se pretendía cambiar o itinerario imposto por eles. Así, levaron a cabo un exercicio que denominaron de "enlace", cuxo obxectivo era intimidar o poder político para impedir a investigación do xigantesco fraude cometido por un dos fillos do ditador.

No entanto, o goberno de Frei Ruiz-Tagle reconécese pola preocupación por introducir reformas no sistema educativo, as que significaron mellorar a cobertura e calidade da educación en todos os niveis.

O terceiro goberno da Concertación é o que dirixe o carismático Ricardo Lagos. O seu triunfo non foi nada fácil, pois tivo que ir a unha segunda volta, logo de solicitar á es-

querda o pequeno, pero valioso, caudal de votos obtidos pola exemplar loitadora Gladys Marín, destacada dirixente comunista. Que Lagos fose socialista volveu a alimentar as expectativas populares, pero a realidade demostrou que o seu goberno é o máis liberal dos tres concertacionistas, xerándose no primeiro período da súa xestión un descontento que non logrou estruturarse en grandes mobilizacións protestatarias, en parte por un reimpulso da economía e pola debilidade das organizacións de base que aínda non atopan a vía de coordinación que tonifique o seu actuar.

Pero a ameaza das mobilizacións que levaron a Salvador Allende a encabezar o Goberno da Unión Popular de 1973, que obrigaron a regresar aos militares aos seus cuarteis por mor das agudas protestas de 1983, que procuraron o triunfo de Andrés Aylwin, quen dera inicio ao proceso de transacción política –inconclusa actualmente-, e que sostera aos gobernos da Concertación, parece constituírse hoxe nun fastasma non conxurado, ameazando a forma e o fondo dos consensos no que o grande ausente é a inmensa maioría que sofre as consecuencias dos acordos xestados na superestrutura do poder, onde residen, sen contrapeso, as premisas do "capitalismo salvaxe".

Ricardo Lagos, antes de abandonar a primeira escena intentou conxurar a presenza do fantasma popular, escribindo un novo e lamentábel capítulo na obra constitucional escrita pola Ditadura para impedir a entrada en primeira escena política da esquerda real. Consensuou reformas parlamentarias co apoio da dereita máis reaccionaria para maquillar a Constitución e que esta apezeza ante o mundo como "máis democrática". Elimináronse os "senadores designados", rémora da satrapía pinochetista; restrinxíronse as facultades do Consello de Seguridade Nacional que podía autoconvocarse, pasando a ser agora só un órgano asesor; restabeleceuse a facultade do Presidente para,



após consultar co Parlamento, destituír aos comandantes en xefe da Forzas Armadas. Así mesmo, repúxose a facultade de modificar a administración territorial do país, podéndose xerar novas divisións de índole administrativo. Pero no fondo o que intentou pechar Ricardo Lagos é a porta a unha asemblea constituínte que redactase unha nova constitución democrática tal e como esixe o movemento popular nucleado darredor do Pacto "Xuntos Podemos". Así nin a Concertación de Partidos pola Democracia, nin a dereita intentaron modificar o sistema binominal de eleccións, pois como se sabe, a segunda forza con só un tercio dos votos permítelle obter o 50% das representacións en distritos onde a súa clientela política é máis minguada, pero ao mesmo tempo impide obter representación parlamentaria á terceira forza política, o que na práctica impide que a oposición democrática obteña representación parlamentaria algunha.

Estes cambios, que a primeira vista poden parecer un avance, comenaron a ser seriamente criticados por ser unha "Constitución inconsulta" polos sectores democráticamente máis avanzados. Coa consigna "Pinochet plebiscitouna, Lagos negociouna" pretenden manter viva a esperanza dun novo Chile, realmente democrático, e deixar definitivamente atrás a democracia formal actual.

A elección próxima en decembro do presente ano é, como dicimos no Chile, "a catro bandas".

Peso electoral e porcentaxes sobre o total nacional de votos emitidos

Partido	Senadores 2001	Deputados 2001	Concelleiros 2004
Renovación Nacional	17,32 %	12,02 %	12,83 %
Unión Democrática Independiente	13,32 %	22,00 %	16,75 %
Demócrata-Cristiniano	24,27 %	16,52 %	20,11 %
Partido por la Democracia	11,11 %	11,12 %	5,88 %
Partido Socialista de Chile	12,91 %	8,73 %	9,71 %
Partido Radical Socialdemócrata	0,96 %	3,54 %	4,10 %
Partido Comunista de Chile	2,32 %	4,56 %	4,35 %
Alianza Nac. de los Independientes			0,44 %
Partido Humanista			1,74 %
P. de Acción Regionalista de Chile			0,02 %

Fonte: Elaboración propia a base de datos do Servizo Electoral

A dereita, agrupada na UDI, leva Joaquín Lavín. O seu sector máis moderado, Renovación Nacional, postula a Sebastián Piñera. A Concertación de Partidos pola Democracia, composta polo Partido Democrático Cristián, Partido pola Democracia, Partido Socialista de Chile, e Partido Radical Socialdemócrata, levantaron a candidatura de Míchal Bachelet

O Pacto "Xuntos Podemos", integrado polo Partido Comunista de Chile, Partido Humanista, Esquerda Cristián, Partido Comunista Acción Proletaria, Movemento da Esquerda Revolucionaria, Bloque polo Socialismo e Mapuches de Esquerda levantaron a candidatura de Tomás Hirsch.

Na táboa desta páxina podemos comprobar cal é o capital electoral co que cada un dos conglomerados políticos se presentou para participar nas Eleccións Presidenciais e nas Eleccións Parlamentarias do próximo domingo 11 de decembro 2005.

As eleccións parlamentarias comprenden as dez circunscricións senatoriais correspondentes ás rexións do número par e a Rexión Metropolitana (Gran Santiago, con 5.800.000 habitantes), e as eleccións de Deputados realízanse nos sesenta distritos electorais ao longo de Chile.

Un quinto candidato ficou à marxe deste proceso electoral, é o representante da etnia Mapuche, o Werkén (Voceiro) do Consello de Todas as Terras, Aucán Huilcamán, quen se viu afectado polas trabas legais que deben sortear aqueles que se presen-



Tomás Hirsch encabeza a candidatura do Pacto "Xuntos Podemos"



Volodia Teitelboim, naceu en Chillán en 1916. Figura de primeira fila na vida literaria en Chile. Foi deputado, senador, presidente e secretario xeral do Partido Comunista de Chile. A política e a literatura son dúas vocacións que estiveron no centro da súa vida. A súa tese para recibir o título de avogado, *El amanecer del capitalismo y la conquista de América*, será un dos seus primeiros ensaios da súa fecunda creación como cronista e ensaísta.

tan en forma independente aos procesos electorais en Chile. O principal obstáculo é que se deben presentar co aval de 36.000 asinaturas referendadas ante Notario Público (unha especie de escribán autorizado).

Que a xente teña que legalizar o seu apoio mediante esta asinatura ten un custo que cobra o Notario Público (entre 2.000 e 3.500 pesos chilenos; entre 4 e 7 euros); custo mínimo de 72 millóns de pesos; ao redor de 125.000 euros; cifras que resultan inalcanzábeis para unha comunidade depauperada ao extremo.

Dereitas e esquerdas solidarizaronse con Werkén, pero ningún dos bandos realizou unha petición ao Goberno e aos lexisladores para mudar este mecanismo que resulta perverso para grupos da sociedade que non posúen mínimos recursos pecuniarios.

QUE SE DISPUTA NESTAS ELECCIONES. A dereita concorre dividida; esta división non é produto do capricho dos seus líderes, senón máis ben a constatación de que a elección presidencial está perdida de antemán. Polo tanto, tratase de lograr unha mellor posición para estruturar a próxima oposición política, cuxa forza opositora tivo a súa dirección máis na UDI que na Renovación Nacional. A candidatura de Sebastián Piñera expresa o repudio á política de presión que lle impuxo a UDI; política que se centrou en torpedear calquera iniciativa que pretendese castigar a violación dos dereitos humanos e o enriquecemento ilícito dos xerarcas do réxime militar, comezando por Augusto Pinochet e o seu numeroso clan, hoxe involucrado en descomunais fraudes e exaccións do erario público.


A falta de solidariedade expresada pola UDI á situación que afectou Pinochet foi afastando os militares deste partido, se ben o candidato Lavín realizou reunións cos exmilitares para lles informar da súa posición, bastante ambigua e elusiva por certo, estes declaráronse en "liberdade de acción".

Pero o impacto que provocou o coñecemento das contas secretas do exditador e os seus familiares máis próximos terminaron por desarticular todo intento de mostrar "actitudes de corpo" en defensa do seu decrepito ex líder e paradigma... Estamos fronte a un "sálvese quen poida".

A maioría da esquerda, agrupada no bloque "Xuntos Podemos Máis", pretende certificar que mantén o número de electores, obxectivo que lle permite soste a súa legalidade. Non obstante, ao que máis están optando é a lograr un ou dous deputados, cifra intrascendental na maquinaria políticoadministrativa de hoxe. Até agora declararon que, en caso de ter necesidade dunha segunda volta electoral, non entregarán os seus votos á Concertación de Partidos pola Democracia tal como ocorrera nos anteriores comicios, cando os aportaron a Lagos, a cambio de nada.

A Concertación apoia Michel Bachelet, forma inédita no país, que un proceso de esta natureza esté encabezado por unha muller con reais posibilidades de triunfo. Esta conduta trata de reflectir a visión moderna que se debe instalar no país, para afrontar os desafíos dos novos tempos e representa no imaxinario social e popular, a nova matriz que dará forma ao futuro, aínda cando o seu acceso ao poder non leva a unha real perspectiva de cambios; máis ben tratase dun continuísmo con certos adobos de sentimentalismo populista.

A obra de demolición realizada por esta candidatura en contra dos seus contendentes estivo centrada en "blindar a candidatura", non permitiéndolle que se espraie coa mesma verborrea e disposición que exhiben os outros. Instálase así no imaxinario o papel que cómpre a muller na nosa sociedade: "fai as cousas, non fala tanto como os homes que pouco fan". En troca, logrou que importantes personaxes públicos expresen abertamente a súa intención de voto, comezando polos que conforman o mundo "da cultura" e continuando con ou-



Santiago de Chile

Os empresarios e o Estado aparecen tacitamente concertados para impediren unha redistribución do ingreso nun país onde dez grupos familiares posúen máis de 50% da riqueza nacional

tros sectores. A impresión é que todo Chile está con Bachelet...

En xeral, os empresarios manifestaron que esta elección é unha das máis tranquilas que se lembran en Chile. Todos restan dramatismo a esta competencia electoral. Aparece como un exercicio normal de toda democracia, pero debemos preguntarnos: é tan impoluta ou libre de intereses de grupo esta elección que marca o desenvolvemento político da nosa sociedade nos albores do século XXI?

O que está en xogo, certamente, é a capacidade das institucións para enfrontar a sociedade civil que, segundo as mesmas formacións partidistas, foi definida como "perigosamente descontenta". Prevense manifestacións populares a curto prazo, de diversos sectores e grupos que ficaron á marxe dos anunciados –e dúbidosos– beneficios do sistema.

As variábeis macroeconómicas funcionan nun sentido, pero en Chile a redistribución do ingreso é totalmente regresiva. O 20% da poboación accede ao 80% dos bens que produce a economía, e 80% da poboación só accede a 20% do produto. Os organismos internacionais recoñecen que Chile é o segundo de América Latina, despois de Brasil, na fonda brecha que marca as diferencias entre os estratos da súa poboación.

Os "macro" indicadores, dos que tanto gustan os persoeiros do goberno á hora de ponderaren as estatísticas, sinalan que o país pasou dunha capacidade de aforro interno de 2%

nos anos 80 a 17% na actualidade. O gasto en Saúde e Educación manteñen o mesmo nivel do que o de Defensa (pouco máis de 10% do orzamento anual).

Quer dicir, os empresarios e o Estado aparecen tacitamente concertados para impediren unha redistribución do ingreso nun país onde dez grupos familiares posúen máis de 50% da riqueza nacional.

O papel principal dos gobernos dos Partidos pola Democracia foi o de conter a mobilización dos sectores menos favorecidos. O primeiro deles caracterizouse pola busca dos consensos: "Vostedes esperen, que nós iremos a negociar con eles", foi o discurso de Aylwin, porque "é máis seguro que nós falemos por vostedes, non vaia ser que estes señores (os militares) queiran volver ao poder."

O segundo goberno debeu enfrontarse aos gremios da Saúde e da Educación que se mobilizaron por máis recursos para o sistema. Así mesmo, debeu enfrontar as manobras dos militares que non trepidaron en saíren a rúa para defenderen os intentos por aclarar un fraude no que aparecía involucrado o fillo do ditador; a forma de afrontar este perigo foi renunciando a facer xustiza. Publicamente apareceu o Presidente Frei solicitando o Consello de Defensa do Estado que "esqueceran o asunto" e solicitou que se confiara nel, pois no que solicitaba estaba comprometida -dixo- a transición á democracia. A opinión pública non reaccio-



Casa da Moeda



nou ante este pedido, pero colixiu que aínda o militarismo tiña importante cotas de poder.

Na actualidade o goberno de Ricardo Lagos tomou a decisión de pechar as minas do carbón, quedando á marxe da economía esa importante zona mineira. Os mineiros mobilizáronse, chegando até a mesma capital, pero a crise foi conxurada co expediente dos subsidios e indemnizacións, véndose desde as esferas do poder como un “mal menor”.

Como balanza positiva, quedan os investimentos para reformar o sistema Educativo e a Saúde. A educación en todos os seus niveis aumentou a súa cobertura e calidade. Continuou a apertura da universidade a máis mocidade. O descontento crecía, no entanto, en varios sectores do país, pero os efectos da crise trasladáronos á Dereita que foi capitalizándoo electoralmente.

O terceiro goberno concertacionista case se ve frustrado pola alta votación obtidas pola dereita. Na segunda volta o voto da esquerda salvouno, pero este goberno foi o máis altivo dos tres, aplicando un estilo autoritario en contra das expresións obreiras e populares. A primeira parte do período Lagos estivo marcada polas crises económicas e as denuncias de corrupción ocorridas no período de negociacións para instalar modernas estradas no país. Aínda que os seus subalternos non puideron subtraerse aos procesos xudiciais, aínda en marcha, o Presidente non foi involucrado, e a súa imaxe segue a ser ben cualificada nas enquisas.

Inmediatamente despois de que as denuncias de corrupción saíron á luz pública, a UDI solidarizouse co Presidente e acordaron diversas medidas que favoreceron a integración dos privados nas actividades no Estado. Reformáronse, co acordo do Parlamento, os mecanismos de licitación pública e modificáronse as esixencias que o Estado considera a quen desexa dedicarse aos negocios. A dereita impuxo condicións para non facer escarnio destas denuncias e aproveitar, de pasada, as potenciais prebendas que o “negocio público” ofrece a través dos seus intrincados labirintos de xestión.

Actualmente, aos ollos da maioría do país, Lagos representa o neoliberalismo sen reparos. De aí o ímpeto da esquerda en levantar candidaturas, previndo que a sociedade civil se mobilizará. Os candidatos da Concertación, na súa maioría son aqueles que se mostraron máis “esquerdistas” e fóronse postulando polos distritos en que se estima que será maior a mobilización. Quer dicir, estanse a preparar a Concertación para conter de novo o descontento popular.

O que está en xogo nestas eleccións é saber quen ofrece mellores condicións de servir aos capitais investidos no país, non quen ten o maior caudal de votos nun hipotético “enfrentamento de tendencias”.

Podemos concluír que non existe hoxe en Chile unha loita ideolóxica ou moral entre faccións políticas que representen distintas filosofías. Nada diso: máis ben trátase de potenciar novas vías e oportunidades para que as grandes transnacionais fagan o seu negocio, axitando ante os nosos focos os abelorios multicores dun progreso tecnificado e falaz para as grandes maiorías dos desposuídos ■

Santiago de Chile, o 20 de setembro de 2005 / Santiago de Compostela, o 28 de setembro de 2005

O autor do artigo quere agradecer a colaboración documental do sociólogo chileno, compañeiro Luis Peña Rojas, da Universidade de Santiago de Chile.


Discurso a **Chiloé**, Península Galega



RAMÓN SUÁREZ PICALLO



Donas, señores, amigos e irmáns, non deixa de ser cousa interesante e acaso nova. Vimos falar aquí dunha Galiza enclavada nas máis envericuetadas¹ canles do mundo ao redor do Golfo de Penas, na comarca austral do Chile, tamén preto do Polo Sur e da Antártida. Un escritor francés, un escritor chileno de orixe francesa, Benjamin Subercaseaux, escribiu un libro famoso traducido inmediatamente a varios idiomas, entre eles o inglés e o francés, titulado “Chile o una loca geografía”² e efectivamente, nos 4.600 Km de lonxitude que ten o litoral chileno, desde Arica até Magallanes, hai as máis inverosímiles manifestacións xeográficas, as máis atrabiliarias³ e as máis dispares.



1962, Ramón Suárez Picallo intervindo nun acto cultural organizado polo Centro Lucense de Bos Aires. Nun acto similar desta Institución pronunciara o noso deputado o discurso a Chiloé que hoxe reproducimos. Certamente Picallo era unha institución dentro das Institucións galegas da Arxentina, a Picallo lle debe en grande medida a colectividade o respecto a Galiza e á nosa simboloxía nacional. Abaixo. Manuscrito de Picallo co guión para unha conferencia pronunciada no Centro Pontevedrés de Bos Aires.

(Xentileza dos fondos documentais da Real Academia Galega).

Ve hoxe luz este inédito e belo artigo do noso entrañábel deputado, composto cando xa tiña abandonado Chile, e recuperado grazas á grabación sonora da súa conferencia no Centro Lucense de Bos Aires. Tráenos Picallo esta Galiza do sur chileno de toxos e xestas, este Chiloé de subsistencia, de porcos e galiñas, de xurelos e pescadas, de repolos e patacas. Tráenos Picallo esta illa que impactou a Blanco-Amor e a cantos fillos de Pondal tivemos a sorte de pisala. Pero sobre todas as cousas tráenos a afectividade a un pobo que o acolleu cos brazos abertos, o respecto ao diferente, e a defensa da dignidade dos desposuídos, dos humildes. Recuperamos a este Picallo noso, unha pluma brillante, un orador único, seguramente con Basilio Losada o máis grande axitador de masas da nosa historia contemporánea, condenado durante décadas ao ostracismo por Piñeiro e piñeiristas.

Os que coñezan o sur chileno darán conta dalgunhas imprecisións xeográficas -certamente moi poucas para quen abusa da memoria- e non pasarán por alto que Chiloé é unha península soamente na imaxinación do autor. Chiloé é unha illa, a Grande de Chiloé, que conforma con outras cento e pouco illas ese enorme arquipélago que Picallo leva até a mesma península de Taitao.

Os apuntes e notas a pé de páxina son da autoría do noso amigo Edmundo Moure, quen ao fronte do Programa de Estudos Galegos da Universidade de Santiago de Chile e despois de dez anos de continuo traballo universitario, ven de recuperar para o noso patrimonio colectivo a práctica totalidade dos artigos e crónicas do Picallo chileno; Caseque 1.600 páxinas: Unha Enciclopedia!

Ramón Suárez Picallo (Sada, 1894-Bos Aires, 1964). Mozo sindicalista, milita nos Partidos Socialista e Comunista da Arxentina, eleito en dúas ocasións deputado nacionalista nas Cortes españolas (1931 nas listas da Federación Republicana Galega pola ORGA e 1936 nas da Frente Popular polo Partido Galeguista). Co-fundador do Partido Galeguista en decembro de 1931, é o garante do xiro á esquerda do partido na súa IV Asemblea (1935), con Castelao e Bóveda no desterro. O golpe de estado colleo en Madrid. O seu irmán Antón, tamén militante nacionalista, é asasinado polos fascistas no Baldío da Areosa de Sada en Agosto de 1936. Picallo non abandona o Estado até perdida a guerra, cando embarca para os Estados Unidos onde participa en innumerábeis actos a prol da República e contra a tiranía imposta no Estado español. Comeza o exilio en xullo de 1939 sendo o seu primeiro destino a República Dominicana. Finalmente chegará asilado ao Chile en outubro de 1940, despois do cónsul chileno en Santo Domingo lle ter salvado a vida in extremis ao darlle refuxio consular cando os esbirros de Trujillo ían xa de cacería. O noso deputado chega a Santiago do Novo Extremo -de Chile- en pleno goberno da Frente Popular (primeiro de esquerdas na historia deste país), presidido polo radical Pedro Aguirre Cerda.

Nesta etapa de eclosión libertaria nacen os diarios El Siglo (comunista) e La Crítica (socialista), circulando diarios practicamente de tódalas tendencias ideolóxicas (La Hora, La Opinión, El Mercurio, El Ilustrado, ...).

Picallo, devorador de diarios e xornalista autodidacta, adícase de cheo ao periodismo como fonte vital, sendo en realidade un punto e seguido na súa vida -publicara seu primeiro artigo con 21 anos no porteño Adelante. Dous anos máis tarde é nomeado director do diario arxentino Libertad, mentras colabora asiduamente con outras publicacións sindicais e obreiras dese país até o comezo dos anos 20, nesa altura contacta coa intelectualidade nacionalista galega de Bos Aires. Nace a amizade inquebrantábel con Eduardo Blanco-Amor e o seu nacionalismo militante. Pasa a escribir nos medios de comunicación galegos das dúas caras do Plata; Secretario de redacción do Correo de Galicia, tamén asina en El Despertar Gallego, Céltiga, Galicia, ... Sen esquecer que de volta na Galiza fora director de A Nosa Terra e do semanario SER así como vice-director do Claridad de Compostela, e recén viña de traballar durante cáseque un ano no diario dominicano La Nación-, comeza redactando para o diario independente de esquerdas La Opinión, para engrosar dezaioito meses despois as fileiras do diario radical La Hora onde mantén por nove anos unha columna fixa, mentras colabora con outras publicacións (El Mercurio, Ercilla, ...). Remata a súa etapa periodística chilena no diario El Sur da cidade de Concepción, antes de cruzar definitivamente a Cordilleira Andina mediado 1956.

FERNANDO ABAL PENA

Desde as terras desérticas de

Atacama e de Antofagasta até a comarca de La Serena, terra de flores e caraveis, pobo branco, da máis pura estirpe andaluza, até Valparaíso, o grande porto sobre do Pacífico, a través do cal o mundo coñece Chile máis que polo propio nome de Chile, pasando polo val central que vai desde Talca, pasando por Concepción, na desembocadura do río Biobío até as cidades de Pedro de Valdivia, de Temuco e de Osorno, para chegar despois a Puerto Montt e a Puerto Varas onde eu vin florecer uns toxos de marabilla, abertos como os nosos... No inverno van os climas e as paisaxes e as formas máis diferentes, a cada unha máis orixinal. Claro que nesta tola xeografía da que fala Benjamin Suercaseaux, Chiloé ocupa un lugar singularísimo... Eu puxen no tema "Chiloé, península galega": Chiloé é máis coñecida por arquipélago que por península, pero Chiloé ten outro nome. Chamouse durante cerca de trescentos anos, "La Nueva Galicia". E esta denominación nace na península de Taitao que forma parte do Chiloé continental⁴. Despois, o Chiloé, no seu carácter sempre de Nova Galicia, estendeuse por cerca de sesenta illas diseminadas nun mar feramente bravo, arredadas unhas das outras por canles profundas, moi difíciles de navegar pero ricas en toda clase de bens do mar. Por alí, Chiloé, o seu nome, arranca do nome primitivo e indíxena de Chile que era Chili e Oé, ou hué, que quere dicir lugar, comarca de Chile⁵. De aí vén o seu nome, por alí arredor, está o famoso Golfo de Penas, onde os barcos se afunden sen deixar rastro. Aí, nese golfo un barco arxentino, *San Martín*, aínda non hai dez anos, desapareceu sen deixar rastros. O golfo de Penas, que eu non sei se é polas *peñas* ou polas penas do penar que nel se pasan⁶. Quedo coma Eduardo Blanco Amor, nesto das penas de penar. Está situado os 41,40° e 43,42° de latitude; ao redor están as terras de Llanquihue⁷ que toman nome dun dos lagos máis fermosos do



munho que ten a furia de grande océano cando fai vento e tempestades e que ten a tersura dunha esmeralda nos días de calma chicha. En Llanquihue e por alí están as canles e angosturas famosas que percorreu por vez primeira o grande mariñeiro galego, don Pedro Sarmiento de Gamboa e despois o capitán Fernando de Castro. Algunhas desas angosturas e desas canles discorren polo medio de grandes penedos, irtos e acantilados onde aínda viven xentes primitivas, indíxenas chamados *Alacalufes*⁸ que viven exclusivamente de comer peixe. Nestas canles, nunha delas, está a famosa angostura inglesa que o barco ten que esperar para cruzala, a que estea a marea en absoluta preamar. É tan pequena e tan estreita esta angostura que de babor ou de estribor se poden coller coa man as ramas das árbores que lle dan sombra á canle.

Administrativa e politicamente Chiloé é unha provincia da República de Chile, República Presidencial e Centralista que goberna as súas provincias por intermedio de intendentes que representan o poder executivo e por gobernadores dos departamentos, tamén representantes do goberno. Chiloé está dividido como provincia en tres departamentos: Ancud, Castro e Quinchao. Mais xeograficamente, espiritualmente e desde o punto de vista das súas xentes, Chiloé non é unha provincia, é unha comunidade humana con xeografía propia, con paisaxe propia, con espírito propio e con maneira de ser e de vivir tamén absoluta-



Arriba. Primeiro mapa específico da Illa de Chiloé e proximidades, data de 1791 obra do franciscano castelán Pedro González de Agüeros.

No centro. Estampa típica dos palafitos de Castro, capital administrativa da illa.

Abaixo. Reprodución do Carneiro-Pullo (ou Pulli) un dos seres mitolóxicos chilotes, trátase dun ovino bicéfalo e bisexual nado do cruce dunha ovella descarriada e dun chivo embruxado, moi fero ataca a persoas e animais. É o culpábel da dexeneración das especies ovinas.

(Xentileza do Instituto de Investigación do Patrimonio Territorial da USACH).



mente propio. A terra é verde e suculenta, onde chove máis dos trescentos sesenta e cinco días ao ano, -é unha maneira de dicir para seguir a fantasía sutil dos chilotos-. Terra chuviosa onde por chover tanto non se dan nin o viño nin o millo, pero onde se dan outros bens e outros froitos marabillosos dos que falaremos despois. O sistema económico agrario é de absoluto minifundismo, as leiras forman coas súas distintas sementeiras o mesmo panorama de taboleiro de xadrez que forman os máis fermosos vales de Galiza. E a xente vive nunha comunidade perfecta, nesa comunidade da que falaba Prada⁹ e na que eu me criei, que ao conxunto da familia que traballa simultaneamente na terra e no mar¹⁰. A paisaxe ten o engado que sinala Eduardo Blanco Amor no seu primoroso libro *"Chile a la vista"*. Falando de Chiloé, fai un preludio coa graza con que el sabe expresar as grandes emocións, chamado *"preludio xubiloso"* e di cando fai loanza do espectáculo que están vendo os seus ollos, que alguén dirá que deixou alí ou encontrou alí algún amor e el di: *"sí, encontré o amor máis antigo da miña vida, o amor a miña terra galega ao ver outra igual que aquela"*. Conta dunha viaxe por mar de duascenas horas dando tombos nun cargueiro, e cando lle pregunta ao capitán no medio dun temporal frenético "que vai pasar?", o capitán contéstalle, *"estamos fregaos"*, e en Chile estar *"fregado"* é estar na peor das condicións; cando un comerciante di que está economicamente

fregado, é que se non está na quebra está no mesmo borde da quebra. E cando un enfermo di que está *"moi fregado de saúde"*, é cousa de pensar na funeraria. E cando un mariñeiro di que están *fregados* no barco é que o barco ten todas as perspectivas de afundirse. Con este consello e esta cousa tan optimista o noso Eduardo Blanco Amor coida que xa morreu e fala dunha resurrección ao chegar ás paisaxes de Chiloé. E sobe a felicitar o capitán que lle di, *"xa ve vostede que non se afoga o que quere senón o que pode"*, e felicítalo o capitán. Eu felicítolle moito, vin o seu libro (bitácora) porque *"Cómo fixo vostede para recorrer en duascenas horas mil millas? Estamos na miña terra, estamos en Ortigueira"...* *"No señor"*, contesta o capitán, *"¿pero no es esto Ortigueira de Galicia junto al cabo Ortegál"*. *"No señor, es Quellón en Chiloé"*.

E sigue Eduardo facendo un eloxio de xúbilo daquel espectáculo que viron os seus ollos e narrando despois algúns aspectos da vida de Chiloé. Non, non é Ortigueira o que viu Blanco Amor, con ser moi bonita Ortigueira trabucouse nunha migalliña de lonxe, o que viu foi unha paisaxe de Pontedeume, das pontes do Eume, onde un pouco perto está a famosa bocarría da Pena de Marola que os latinos chamaban *Corpus Magnus Arcabrorum*, o Magno porto do Sarto, porque de Pontedeume foron os primeiros poboadores que chegaron a Chiloé, os primeiros poboadores brancos que chegaron a Chiloé. Algúns deles foron xa con Sarmiento de Gamboa, pero outros, outros foron o famoso capitán Castro, natural de Pontedeume, acompañado de xentes que levaron a Chiloé un apelido, que é o máis popular apelido de Chiloé: Andrade.

Xa sabedes que en Pontedeume, está o condado de Andrade e eu encontré nas casas dalgúns Andrade copiado amorosamente o escudo da Ponte do Porto cos seus xabaris o pé do nome Andrade, e percorrendo eu por unha daquelas illas, pola illa grande que se chama Ancud, atopeime

cunha aldea primorosa chamada Montefiero, unha aldeña primorosa cun val de encanto e unha igrexa feita de madeira. Montefiero, Monteferro, Monfero, onde está o famoso mosteiro que é o encanto e o feitizo dos arqueólogos e dos que fan historia da arte, do cal sabe moitísimo Ramón Otero Pedrayo, que percorreu todos os camiños e veu todas as direccións. Monfiero -é dicir Monte Fiero- aínda hai outros pobos, como Vilamaior da feira do tres, e outros que levaron a toponimia daquela comarca a Chiloé, con estes nomes. Agora, como fixeron para chegar alí tantas xentes de Pontedeume e crear unha comarca, un arquipélago que tivo durante trescentos anos o nome de Nova Galiza? Pois, seguramente fixeron como fixeron aquí algúns paisanos nosos de Arcade de Ponte Sampaio, cando o primeiro deles veu aquí e foi mordomo do buque, e logo trouxo daqueles lugares todos os mozos do buque, todos os cocineiros e todos os mordomos da mariña mercante e que por algo se lle chamaba o sindicato, o sindicato de Ponte de Sampaio. Pola mesma razón seguramente foron chegando a Chiloé xentes e xentes orixinais daquelas e doutras comarcas de Galiza. A paisaxe, como dicía, convida a mirala con ollos case relixiosos, os seu engado especial, as súas cores suaves e as súa humanización mediante o traballo a cotío das súas xentes. Coma a paisaxe galega é tan fermosa precisamente porque está humanizada e porque a humanizou o esforzo das xentes de Galiza, das mulleres, dos nenos e dos homes; a paisaxe de Chiloé pásalle outro tanto, por iso non é de estrañar o prólogo xubiloso de Blanco Amor, e a emoción profunda que eu sentín cando tripei algunhas das súas illas contemplando aquela paisaxe de feitizo.

E agora que fixemos a referencia xeográfica e a verdísima descrición da terra, falemos dos seus froitos. Pouca xente sabe que Chile lle fixo á humanidade o máis grande regalo, a través de Chiloé. De Chiloé son orixinais as patacas. As patacas son maravillosas

compañeiras de todos os nosos com pangos e pratos; as patacas que desde que apareceron terminaron as grandes fames do mundo; as patacas que despois de que monsieur de Parmentier lles deu a probar aquel rei de Francia famoso percorreron o mundo sendo o cultivo máis amado polos Gubernos, polos economistas e polos fisionistas. As patacas que son primorosas a la Parmentier, douradas e que son o pan dos pobres na nosa terra feitas cachelos. Pois ben, as patacas naceron en Chiloé. Eu lera cando me examinei de bacharelato en Lugo, un tratado de historia natural, non sei se de historia natural ou de agricultura, que falaba das patacas e dicía delas *tubérculos* e tal, e describíaa como "*orixinais do antigo reino de Chile, en terras da Auracania*". Mais non localizaba Chiloé. Chiloé localiceino eu como a súa ponte localizábaa todo o mundo que está en Chile. Cando as descubriron, os primeiros que alí chegaron, que eran galegos como eu dicía, había cento vinte e tres variedades de patacas en estado silvestre. E de alí pasaron ao mundo, e esas outras variedades, e a través do mundo mediante procedementos técnicos e científicos -e que sei eu- hoxe hai as máis distintas formas de comer as patacas, de plantalas, de recolectalas.

Hai agora dez anos produciuse en Chiloé unha inmensa catástrofe, unha praga chamada tizón, que aniquilou 70% das patacas de Chiloé, e produciuse en Chiloé un estado tal de angustia que todo Chile houbo que contribuír, e tamén da Arxentina houbo que contribuír cunhas grandes axudas, para salvar os nenos de Chiloé que non tiñan patacas que comer. E viñeron patacas de Alemaña para replantarse alí xa que segundo se di a pataca require moita lonxanía, volveron de Alemaña ao sitio de onde eran orixinais para repoboar as terras que foran atacadas pola praga *boticón*. De animais, Chiloé é riquísima en porcos, en marraos vaia. É unha terra chea de bosques lendarios onde se dan o loureiro, o alcipreste, e

A paisaxe galega é tan fermosa precisamente porque está humanizada e porque a humanizou o esforzo das xentes de Galiza, das mulleres, dos nenos e dos homes; á paisaxe de Chiloé pásalle outro tanto



As seis variedades de pataca nativa que se comercializan hoxe na illa: Michuñe negra e vermella -as alongadas-, Chilca, Bruxa, Clavela Lisa, e Murta.

(Xentileza de Estudos Agrarios de Ancud).



(Fotografías e mapa xentileza do portal chilote www.chiloe.cl)

o alerce en forma de grandes bosques e onde se dan os castiñeiros e as castañas máis exquisitas que se comen no sur de Chile. Do mar, Deus nos ampare, as augas que bordean as illas de Chiloé son sen dúbida ningunha as máis ricas do mundo aínda case virxe. Só en ostras hai quince variedades, en estado silvestre, é dicir en estado primario, sen seren cultivadas, algunhas delas que se parecen moito os murrunchos de Arcade e de Ponte Sampaio, son unha auténtica exquisitez. Un amigo meu dicía que estas ostras non se comen, bébense e gózanse. Até unha ostra verde que eu nunca vin en ningunha outra parte do mundo, toda chea de accidentes polo cascaron, até ostras grandes coma medio prato. E os mexillóns! Alí chámanse *choros*; hai mexillóns de dous fan un quilo! Non esaxero, e cando un señor o comeu ao forno cun pouco de allo e perexil por riba, un *choro* na súa propia salsa, non lle queda xa moita gana de comer outra cousa. Os peixes galegos teñen alí un irmán precisamente dos peixes máis cobizados de Galiza e dos que custan máis traballo para pescalos: o robalo, a robaliza. O robalo de Chiloé é coma o do sur de Chile é dunha especie case tan grande coma o bacallau, conserva a mesma exquisitez. As navallas ou longueiróns, as ameixas e as centolas, bocado de anxos, deuses do Olimpo e Maraxás de Capultala e tamén do noso querido Ramón Otero Pedrayo.

E así, coa riqueza fabulosa do mar e da terra, no entanto Chiloé é un país pobre. É dicir a sociedade chilote é unha sociedade pobre, sen ferrocarrís, illada do continente: o último ferrocarril continental chega só até Porto Montt. Hai moitos anos en que se perden a metade da colleita das patacas por non teren como transportalas aos grandes mercados consumidores. Así mesmo, os outros froitos, que tampouco se poden transportar, de modo que Chiloé, que ten a súa principal riqueza na terra e no mar, ten que vivir nun siste-

ma de economía cerrada, máis ou menos igual que a economía de Galiza. Mais en Chiloé non hai mendigos, nin pobres depreciábeis. En Chiloé hai xente que leva con altísimo decoro a súa pobreza ■

¹ Envericuetados: castelanismo empregado por Suárez Picallo para significar "retortos", "intricados".

² "Chile o una loca geografía" notábel ensaio de Benjamin Subercaseaux, serviu de apoio a Eduardo Blanco Amor na escrita do seu libro "Chile a la vista", editorial del Pacifico, 1951.

³ Atrabiliaria: castelanismo empregado para significar "caóticas", "sen orde nin concerto", talvez...

⁴ O nome de "Nueva Galicia" foille outorgado por Martín Ruíz de Gamboa, en 1567, logo de conquistar a illa grande de Chiloé, baixo o mando central de Rodrigo de Quiroga, daquela Gobernador de Chile, lucense, sogro de Ruíz de Gamboa. A denominación fixérase en homenaxe ao Gobernador, e a súa capital, Santiago de Castro, en honor do Vicerrei do Perú, Lope García de Castro, pontevedrés.

⁵ O nome indíxena orixinal foi Chilhué, e a súa toponimia significa: "lugar de gai-votas" (hué: lugar; chil: prefixo mapuche de paxaro mariño ou gaivota).

⁶ O nome de Golfo de Penas foille dado, ao parecer, por Pedro Sarmiento de Gamboa, mariño pontevedrés, fundador da cidade "Rey Don Filipe", hoxe desaparecida, o norte da cal fundouse Punta Arenas.

⁷ O lago Llanquihue é o segundo máis grande de Sudamérica, despois do lago Titicaca, no altiplano Perú-boliviano.

⁸ Os Alacalufes extinguíronse na década dos 60. Cando Suárez Picallo escribe esta crónica xa quedaba menos dunha ducia de individuos maiores e sen descendencia.

⁹ Refírese Suárez Picallo, ao parecer, a Rodolfo Prada, amigo seu, galeguista e man dereita de Castelao en Bos Aires.

¹⁰ Esta combinación de actividades agrarias e marítimas chámase en Chiloé "cultura de bordemar", semellante á "cultura de beiramar" galega.



Asemblea Nacionalista das Irmandades da Fala en Monforte no 1922.

Entre outros, están presentes Roberto Blanco Torres, Antón Vilar Ponte, Ramón Vilar Ponte, Daniel Castelao, Otero Pedraio e Losada Diéguez.

dosior

As Irmandades da Fala

Os inicios do nacionalismo galego contemporáneo (I)

O tempo das Irmandades da Fala

María Pilar García Negro

A tradición do país galego e a súa cultura actual

Antón Vilar Ponte

Verbas d'un loitador ¡Dinidade!

Luís Porteiro Garea

Crónicas de Galiza. As letras vernáculos e a cultura

Roberto Blanco Torres

O tempo das Irmandades da Fala

María Pilar García Negro

Iniciamos, neste novo número de *Terra e Tempo*, uns monográficos que dedicaremos ao estudo dun período fundamental da nosa historia contemporánea, aquel que marca o inicio histórico do século XX galego (1916, ano fundacional deste movemento e apertura do proceso nacionalitario que culminaría, en 1936, coa constitución do Partido Galeguista, como expresión organizativo-política do mesmo). A escolla de Manuel Lugrís Freire, para o 2006, como figura epónima das Letras Galegas, é boa ocasión para repasar unha historia que, en aspectos fundamentais, aínda ten ben de aspectos por descubrir e situar na súa xusta dimensión. Os antecedentes da loita agraria; a autonomización / subordinación do movemento a intereses da política estatal; o papel fundamental dos Vilar Ponte, Antón e Ramón; a incorporación dos artífices artísticos e literarios ao movemento (Cabanillas, Risco, Castelao...); as declaracións doutrinais (Asemblea Nacionalista de Lugo, 1918); a represión do último tramo da Restauración (di-

tadura de Primo de Rivera); a magnífica acumulación cultural de que se dota o nacionalismo nacente (boletín *A Nosa Terra*, revista de alta cultura *Nós*, coleccións populares de literatura: *Céltiga*, *Lar*...) como traballo de campo valioso para a futura auto-organización netamente política... Sobre estes temas, e outros complementares, versarán os futuros monográficos que, agora, inauguramos.

É o noso un interese propositado por irmos *á fonte limpa*, aos documentos reais, e por desbotarmos, por tanto, rotinas interpretativas, *medias tintas*, e a permanente oración adversativa (se se nos permite a metáfora gramatical) que caracteriza parte da historia académica ou extra-académica actual: o si, pero... constante, que, na verdade, nen informa nen sitúa no seu contexto eventos decisivos deste decurso histórico galego.



Xuramento das Irmandades da Fala asinado por Ramón Vilar Ponte. Apreciase o deseño de Castelao nesta acreditación do compromiso que unha xeración de galegos asinará coa súa terra.

Toda a nosa sincronía actual de aquí deriva. A súa comprensión, o seu coñecemento é vital para non dilapidarmos unha impresionante construción histórica que nunca tivo vocación de arquivo nen de relicario. Moi polo contrario, sempre se elaborou para aquel presente, mais tamén *ad futurum*, vocacionada para chegar a nós, seus descendentes, e operar como principio activo da praxe futura.

Antón Vilar Ponte

Unha crónica da cultura galega en tempo real

María Pilar García Negro

O presente artigo resgatámolo da revista *L'Europe Nouvelle* (nº 318, 22 de Marzo de 1924) que moi amabelmente nos doou Xesús González Gómez. Compón un número monográfico dedicado a "L'Espagne d'aujourd'hui" ("A España de hoxe") e inclúe un amplo abano de colaboracións que van estudando a situación política, as tendencias intelectuais e artísticas, co acompañamento de discursos críticos coa monarquía e a ditadura primorri-verista e varios informes sobre cuestións económicas e financeiras. É na sección segunda, a dedicada a mate-

ria cultural, onde o noso autor, Antón Vilar Ponte, incorpora esta magnífica reportaxe sobre o momento cultural galego, sobre aquela sincronía en que el propio participaba e interviña activamente, nunha crónica en tempo real precedida por un repaso sintético da historia da Galiza desde a súa existencia como tal. Gómez de la Serna, Díez Canedo, Rivas Cherif, Pi i Sunyer... son personalidades que escriben na mesma sección. Nótese que estamos asistindo claramente a unha tentativa de dar fe da institucionalización da cultura galega, desde ela

mesma e como metonimia da ansiada soberanía política que as Irmandades da Fala, como xerme principal do movemento político nacionalista, propugnaban. Digamos, en fin, que sorprende a naturalidade e a apropiación-dignificación cultural que se ofrece ao público francés e ao público español leitor desta publicación. No simbólico cultural, a Galiza, como nación, *dialoga* en pé de igualdade con España ou Cataluña. Pregunta nada retórica: ¿existe hoxe, na España, na Europa, semellante intercambio de información, semellante diálogo? Oitenta e un anos despois deste artigo, ¿mudou, mellorou a información sobre de nós no Estado español e mais no continente europeu?

Antón Vilar Ponte

(Traducido do francés por

Robert Neal Baxter)

A Galiza, provincia do Norte de España, linda con Portugal. Acubilla nos seus aveseados montes e perta das súas vizosas rías, a cidade santa de Santiago –ou Santiago de Compostela– que foi durante séculos un lugar de peregrinación de case tan sona como a propia Roma. Unha fonda actividade relixiosa, artística e universitaria crearon ao longo dos séculos unha tradición nobre para a Galiza. No entanto, o actual movemento de renacemento galego non tivo, polo de agora, moito impacto político. Pola contra, si tocou a sensibilidade de todos os galegos grazas á pureza ao fervor apostólico dos seus propagandistas.

Entre eles destaca por riba de todos Antón Vilar Ponte, autor deste artigo, orador e publicista e un dos dirixentes das “Irmandades da Fala”, lusitanista convencido e afoutador das consciencias adurmiñadas.

Xa a partir do século IV da época cristiá, a Galiza foi un lugar de cultura relixiosa e filosófica e soubo imporse universalmente sob a éxida do Emperador Teodosio, do Santo Papa Damasio, auténtico fundador do Vaticano, e sobre todo grazas á influencia das doutrinas do heresiarca Prisciliano –eis as tres glorias da Galiza. O ronsel refulxente que esa época deixou tras si pódese consultar de maneira minuciosa na obra de Murguía e de López Ferreiro.

No século XII, considerado por moitos como o “século de ouro”, e que así foi sen dúbida algunha polos méritos do arcebispo de Santiago, Don Diego Xelmírez, quen “sen ser rei tivo entre as súas mans a sorte dos reis e o destino dos povos”, a Galiza foi o polo de atracción da civilización europea, chegando a Igrexa compostelá a rivalizar coa de Roma. Naquela época, que poderíamos chamar o século de Xelmírez do mesmo xeito en que baptizou do nome de Péricles o século máis glorioso da Grecia, a terra galega, alberga o sepulcro de Santiago desde onde de lanzou a Vía Láctea, a escada de Xacobe erguida no ceo segundo a lenda, e trazo do camiño desexado polos pés dos pere-

NA GALIZA

A tradición do país galego e a súa cultura actual



Retrato de Antón Vilar Ponte que reflicte ao fondo unha muller chorando representando ao país que sofre e fronte ao que as “Irmandades” xa non serán insensíbeis

grinos, ofereceu ao mundo unha cultura cunha proxección inmortal.

No século XV, debido á ideoloxía revolucionaria dos irmáns da “Irmandade” levantados en contra da teocracia e do feudalismo, adiantando en máis de 50 anos os movementos de servos alemáns encabezado por Lutero, a Galiza sementou as primeiras gras da democracia que tanto ía tardar en se desenvolver, florecer e dar froito. A este feito Emilio Castelar

e Joaquim Costa dedicaran unhas páxinas apaixonantes.

E no século XIX, tras a guerra napoleónica, a Galiza, en se vendo abandonada a ela mesma, constituída nun poder libre onde as enerxías da raza tiveron que se manifestar na súa espontaneidade orixinal para defenderen a patria nai contra as poderosas armas do invasor, logrou definir máis unha vez a súa personalidade a través dunha nova cultura

Xa a antiga “Crónica de Turpín” nota a tendencia de considerar a Galiza como se non estivese integrada no Estado español, pois fálase da Galiza e de España, de “habitantes da Galiza e de españois”

autóctona e que desde entón nunca se apagou.

Eis os catro momentos culminantes da historia cultural da Galiza, nos cais este povo de orixe celta, no recullo noroeste de España, na extremidade de Europa, estivo a punto de conquistar a hexemonía na Península.

Non quer dicir iso que a nosa cultura non lograse outras etapas gloriosas entre os séculos que pasaron entre aqueles que acabamos de citar. Mais ningún deles representa o xenio e a cultura da Galiza. Enumeralo todo obrigaríanos a dar a este traballo divulgativo unha envergadura que non é a súa.

II

Mais retomemos con máis detalles algunhas épocas. Xa a antiga “Crónica de Turpín” nota a tendencia de considerar a Galiza como se non estivese integrada no Estado español, pois fálase da Galiza e de España, de “habitantes da Galiza e de españois”: está crónica é oriúnda da Galiza. Mais Dona Carolina Michaëlis de Vasconcellos, autoridade na materia, nos seus estudos críticos sobre os Galegos, Lusitanos e Hispánicos (Cancioneiro da Ajuda, vol. II; Halle 1914) asegura, pola súa parte, que en nós perdura algo que é “sempre novo, sempre irreductíbel, algo que nos separa da nación, e que o noso xenio non se pode confundir con aquel de Castela”. E Camille Caux, no seu libro *Les pèlerinages de Saint-Jacques* [As peregrinacións a Santiago] observa que: “os gallegos (sic.) non se tiñan como españois. Eran tan diferentes os dous povos que en moitas ocasión se dicía “Hespaña e Galiza”. De todo iso decorre que ao longo da no-



Texto de Ramón Vilar Ponte dedicado ao seu primeiro fillo Xaime Vilar Chao: “Verdadeiro rostro dun infante galego nazionalista, cicais do único infante que xa no berce, pertencendo a unha familia non labrega nin artesán, ven sendo aloumiñado por seus pais, d’un xeito consente e ategado de intenzón, coas verbas da lingua doce e gregoriosa da Patria, lingua á que hoxe están facendo rexurdir as beneméritas Irmandades da Fala, en Viveiro a 19 de Santiago do ano Santo de 1920”

sa cultura sempre xorde o espírito da raza e que, pouco a pouco, avanzamos no camiño cara a una nova reconstitución patriótica.

Deixádomos pois de lado a gloriosa época dos Cancioneiros onde se foron desenvolvendo lado a lado as literaturas galega, castelá e catalá, lembremos, tal e como recolleu o marqués de Santillana, todos os trovadores españois dos séculos XIII e XIV, sexan andaluces, casteláns ou outros, compuxeron os seus versos na lingua da Galiza e así tamén fixeron os reis tais como Afonso o Sabio e Afonso XI,

como tamén o aragonés Daguarda, Juan de León e Pedro García de Burgo. Lembremos tamén como que no século XV se pode observar un fenómeno que de todos os trovadores que compuxeron en galego-portugués e que figuran no Cancioneiro de Baena, ningún deles é galego (agás Macías). E lembremos, finalmente, resumindo as opinións de Menéndez Pelayo e de Carolina Michaëlis que a influencia exercida pola literatura galego-portuguesa sobre a aparición do romance cabaleiresco así como a elaboración do Amadis de Gaula foi decisiva, pois hoxe fica demostrado que a autoría desta obra foi galega, concordando así coa opinión expresada polo Dr. M.A. Reunert acerca do papel que desempeñaron os poetas galegos na conformación do romancero español, a máis refinada de toda a literatura castelá. Sen esquecermos a Crónica troiana, aquel grandioso monumento da literatura da Galiza, atopamos aínda as cántigas de Martín Códax que chegaron até nos nun pergamino que data do século XIII xunto cunhas anotacións musicais de grande valor e que se pode considerar como a obra de cantares máis antiga de toda a Península. As cántigas d’escarcho ou de maldizer de Airas Nunez –repletas cunha sutil ironía que aínda non foi superada– e o libro de Pedro o Compostelán *De consolatione Rabiones* que lembra dalgunha maneira o *Fausto* de Goethe, sen contar innúmeros documentos literarios, científicos, históricos, relixiosos e xurídicos máis dos séculos XII, XIV e XV. Nin nos tempos máis antigos nin nos tempos máis próximos a nós deixou de brillar a cultura na Galiza. Maníféstase con resplandor nas artes plásticas onde

¹ No entanto, xa no século XVI e nunha parte do século XVII, a influencia galega seguiu a se facer sentir sobre os autores casteláns, e sobre todo os dramaturgos. Lope de Vega, que se pretendía inimigo dos galegos, idealizou unha muller da nosa terra na súa obra *El mejor alcalde, el rey*; Guillén de Castro utilizou no seu *Allá van leyes*, a crónica de Afonso VI, fillo da Galiza. Tirso de Molina compuxo *La gallega Mari-Hernández*, onde se encontran loanzas para as xentes do Noroeste ao mesmo tempo que as ofensas á virxindade das fillas das protagonista, onde se pode notar un certo coñecemento da nosa xeografía e das nosas cancións populares. Moreto escribiu *La noble chica de Galicia* e Calderón escribiu a traxedia *Luis Pérez, el gallego*. Sen esquecer os dramas *Macías* e *La Vaquera de la Finojosa* cuxos autores non eran galegos, e o *Debate de alegría e del triste amante*, un conato dramático polo noso compatriota Juan Rodríguez de Padrón. Lembremos, finalmente, os *Sonetos galegos* de Camões así como as homenaxes que este rendeu á Galiza, o mesmo que Cervantes no seu *Quixote* e a Tía Fingida, como tamén Moratín moito máis tarde na súa *Comedia Nueva*.

Aurelio Aguirre enzalzou a democracia e Pondal dixo que “desde xa o noso ocaso se está a levantar e a fuxir”, unindo así a musa da poesía ao povo para se colocar plenamente ao servizo da patria galega

nos ofrece monumentos admirábeis, entre os cais os de maior prestixio son o Pórtico da Gloria (do mestre Mateu) da Catedral de Santiago, grandiosa poesía de pedra policromada, auténtica xoia sen parangón do estilo románico, así como as obras de ourivaría compostelá do século XV, do tempo de Don Afonso, o último dos Fonseca.

III

O envorcar dos valores intelectuais, consecuencia do Renacemento, así como a unidade ferreña imposta polos Reis Católicos aos diferentes povos da Península, sufocando neles toda a enerxía autóctona que poderían ter, e, por outra parte, o descubrimento do Novo Mundo ían levar á desaparición da cultura na Galiza que, até o século XIX deixou de manifestar a súa forza. Entre os séculos quince e dezanove resulta difícil dar con algo máis que algunhas manifestacións de cultura illada.

Da lembranza dos séculos XII e XII onde predominaba a nosa civilización e exercía a súa influencia até as rexións máis afastadas de España e da Lusitania, fonte de inspiración inclusive para a mesmísima escola provenzal na dozura da lingua, xa non ficaba remol algún na consciencia da Galiza. E iso debíase a que outros eventos e outras orientacións nos levaran a esquecermos que un povo pertence cada vez máis a todos os povos –para retomar a frase do marqués de Figueroa– en se pertencendo a si propio, e que aquelas épocas da nosa grande universalidade corresponderon xustamente a aqueles momentos en que o noso localismo foi máis patente¹. Para a actual Galiza poder restabelecer o fío roto das tradicións douradas da Galiza do século XII e parte do século XIV –gloriosa época dos “Cancioneiros da Ajuda e da Vaticana”– foi preciso o renacer da nosa poesía lírica. Esa resurrección que hoxe está a lograr unhas boas dimensións foi froito do grande revulsivo ao cal foi suxeito a Galiza en se vendo



reducida ás súas propias forzas sen máis para se librar do xugo napoleónico e para defender a sagrada independencia da terra materna. Viu a luz entrada a metade do século XIX cando o terreno xa fora abondo preparado para recibir os xermolos do sentimento da natureza e da raza que xa sementaran os neorománticos na Franza e en Inglaterra.

Foi entón cando a nosa poesía lírica renacente desertaba a alma colectiva adormecida e volveunos a nós propios, espallándose e exercendo a súa influencia por todas as manifestacións da vida social galega.

Nunha cea de estudantes celebrada en Conxo sob a follaxe de carbillos centenarios, o poeta Aurelio Aguirre enzalzou a democracia e Pondal dixo que “desde xa o noso ocaso se está a levantar e a fuxir”, unindo así a musa da poesía ao povo para se colocar plenamente ao servizo da patria galega. Por outra parte, pouco tempo antes nunha reunión en Lugo

unha proposta de Antonin Faraldo a favor da independencia da Galiza fora rexeitada por poucos votos. A Galiza, desmarcándose do castelán grazas á súa lingua, a única maneira para ela se sentir realmente súa, de se procurar e de se topar, exteriorizou as máis íntimas das súas angueiras multiseculares. Sentiu a necesidade de escribir a súa historia e de plasmar no romance o mellor e o máis glorioso de si, coa pluma de Vicetto, Murguía, Amor, Meilán, Barreiro, Verey e Aguilár, López Ferreiro, Macías, Martínez, Salazar, Emilia Pardo Bazán, Tettamancy, Vaamonde, Said Armesto –que reivindicou como lugar da lenda do Santo Graal o noso Monte Cebreiro– e outros máis. Quixo coñecer o seu pasado e emprendeu traballos arqueolóxicos, folclóricos e mitolóxicos nos cais destacados, alén dos antes citados, autores como Villamil y Castro, López Ballesteros, Macineira, Cuevillas, Castillo, Martínez Moras... E a musa de Pastor Díaz, de Anón e Camino y Elices xa por comezar, cando Catalunya aínda non iniciara o seu renacemento, e logo Rosalía de Castro –nos seus cantares separatistas– Pondal, Curros Enríquez, Lamas Carvajal, García Ferreiro, Aureliano V. Perreira, Losada, Leivas, Pulpeiro entre moitos outros máis chamaron a atención de toda España sobre as aspiracións galegas como xa o fixeran antes Pasental Veiga coa súa Alborada, Juan Montes coas súas baladas, Marcial del Adalid coas súas cancións folcloristas, Cané, Pineiro, Taibo, Baldomir e moitos outros máis –sen esquecer Pacheco– co seus ares musicais, bellos como sinos sumidos no lago azul da tradición e Alfredo Brañas co seu inesquecible reclamo rexionalista que Catalunya acolleu con amor e fraternidade e cuxo divisa era “Como en Irlanda, érguete e anda”.

Mais foi Rosalía quen chegou á cima do noso lirismo étnico. Máis do que ser a poeta da raza, foi ela toda a raza nunha poeta. E os seus libros, Follas Novas, Cantares e En las orillas del Sar, desvelárona como un dos primei-

Xorden as “Irmandades da Fala”, encargadas de enriqueceren e de propagaren a cultura na lingua nai, e os coros “enxebres” revisten nas vilas os traxes típicos das aldeas da costa e do interior

ros liristas do mundo no século XIX. Na igrexa de San Domingo de Santiago descansan os seus restos mortais, antes os cais a mocidade galega enteira se inclina na procura de folgos para a nova cruzada liberadora da nosa cultura. A insalvável Rosalía, Pondal, que evocador a época dos bardos e dos “xestos” celtas no seu Queixume d’os pinos, e Curros Enríquez, irmán espiritual do portugués Juerra Junqueiro, impulsivo e por veces herético, por non dicir rebelde, nos seus Aires á miña terra, forman a tríade luminosa do noso renacemento.

IV

A partir daquel momento, este noso renacemento realízase integramente. Todo o xenio da nosa raza –Miguel de Unamuno di que dentro de moitos dos nosos aldeáns se esconde un filósofo– plásmase nas obras de Valle Inclán, Julio Camba e Fernández Flórez que parecen ser obras galegas traducidas para o castelán. Xorden as “Irmandades da Fala”, encargadas de enriqueceren e de propagaren a cultura na lingua nai, e os coros “enxebres” revisten nas vilas os traxes típicos das aldeas da costa e do interior, colectando e divulgando todas as cancións populares e recuperando as danzas tradicionais e pintorescas como a muiñeira e a ribeirana. Os estudantes da universidade compostelá crean o Seminario de Estudos Galego. Publícanse revistas como os ‘Boletín da Comisión dos Monumentos’ e “Nós” en Ourense, ‘Céltiga’ en Ferrol, ‘A Nosa Terra’ na Coruña, ‘Rexurdimento’ en Betanzos e ‘Terra’ en Bos Aires. Conságrase Ramón Cabanillas como o novo poeta da raza, digno herdeiro da musa de Rosalía, nos seus libros *No Desterro*, *Da Terra asoballada* e *Vento mareiro*. Victoriano Taibo agasállanos con *Abrente*, unha escolma de poesías repletas dun grande modernismo e dunha admirábel riqueza léxica, sen faltar algunha alusión aos clásicos; López Abente, *Escumas de Riveira* e *Alentos da raza*; Eladio Rodríguez González coas súas *Oracións campesinas*, Noriega Varela, o cantor da



Portada da revista francesa de onde está extraído o presente artigo.

montaña, cos seus sinxelos mais proximos versos, e Ribalta coas estrofas heroicas da súa *Consagración*. Así foi que a poesía galega chegou ao cénit de esplendor e fóronse multiplicando os seus protagonistas, algúns dos cais como Vicente Risco, Eugenio Montes, Manuel Antonio, Blanco Amor ou Ribas Montenegro chegaron a se integraren no amplo movemento vangardista.

Nese momento, as belas artes e as belas letras practícanse con intensidade na Galiza. Tanto no ámbito xornalístico como no xénero do ensaio destácanse nomes como os de Lustres Rivas, Pesqueira, Montero Mejuto, Francisco Bernal, Blanco Torres, Paz Andrade, Bouza Brey, Acuña, Núñez Bría, Juan Jesús González, Portal Fradejas, Correa Calderón, Fernández Nata ou Pita Romero. Nacen múltiples proxectos destinados á creación dun teatro autóctono, dentro dos cais destacan aqueles promovidos por Luguís Freire, Javier Prado, San Luis Romero, Cotarelo, Quintanilla, Porto Rey e Charlón y Hermida. Novas gramáticas galegas veñen suceder á de Saco y Arce. Aos dicionarios de Valladares e Cuveiro sucedéronse outros. Tras os traballos sobre o agro feitos por Díaz de Rábago, viñeron os de

Pérez Porto, Porteiro, Martínez Sueiro e García Ramos. O sacerdote Basilio Álvarez encarna o apostolado da reivindicación da terra. Os compositores Doncel, Soutullo e Curvos elevan a nosa música –alalás, cantos de pandeiro, espadelas, muiñeiras– á altura do poema sinfónico. Francisco Asorei, coas súas esculturas policromadas e a súa obra de mármore, granito e bronce, dá continuidade ás gloriosas tradicións da cultura rexional, representada por Gregorio Hernández, Moure, Felipe Castro e Ferreiro, ao formar discípulos valiosos como Bonome. O arquitecto Antonio Palacios, que fai reviver a sona de Andrade, coñecido como o Herrera galego, rompeu unha lanza a favor do estilo galego tradicional. A nosa pintura, que no século anterior tivera precursores en figuras como o romántico Jenaro Pérez-Villaamil, influído por David Roberts, discente de Turner, así como os artistas da “xeración doente” de Silvio Fernández, Jaspe, Urbano González, Couto, Ovidio Murguía, Parada Justel, Carrero e Vaamonde, triunfan hoxe con forza en exposición tras exposición xunto con outros como Álvarez de Sotomayor –no seu día director do madrileño Museo do Prado– Corredoira, Ramón Navarro, Juan Luis e Mariano Miguel, mestres do retrato e do personaxe, xunto con Lloréns, Bello Pineiro, Imeldo Corral, Abelenda, Sobrino, Seixo Rubio, insignes paisaxistas xunto con Ribas, Bujados e Máximo Ramos, punta de lanza da pintura decorativa; xunto con Castro Gil e Julio Prieto, mestres do augaforte, xunto con Castelao, xenio da caricatura, pintor sublime e debuxante cheo de humor étnico, e Álvaro Cebreiro, o benxamín dos nosos artistas, entre tantos outros máis que traen consigo as mellores das promesas.

E así foi que se tornou posíbel falar da misión da Galiza e dos seus promotores, Ramón Villar Ponte, Noguero, Jaime Quintanilla e moitos máis: somos testemuña dun desllocamento da civilización mediterránea cara ao Atlántico ■

Luís Porteiro Garea

Verbas d'un loitador ¡Dinidade!

Non se me esquecerá endexa-
mais aquel mitin da Estrada ond'os
caciques y-as suas parentelas, diron
o exempro mais outo de indinidá¹.

Sentirse dino e obrar, como tal, e
unha das probas da civilización.

Sinte a dinidá da súa lingoa, o que
a fala y-a estima como mais firme valor
cultural da súa raza; y-o cume do re-
baixamento, da falla de conciencia de
sí e do pobo a que se pertenesce, está
en pedir que lle falen unha lingua irmá
–pro allea– e que enterren a propia y-a
pospoñan coma unha vergonza, coma
un rabo que nos achegase o mono.

¡Oh os grandes poetas franceses
dos días que corren, que alumeados
pola fogueira da guerra, volven os
ollos a terra toda da Francia e piden
que se cante na lingua de Mistral² co-
ma na de Vitor Hugo³, pra que a cul-
tura francesa dé o maior rendimento,
porque –din– eisí como Horacio⁴ se
sentía ladrón a cultura latina si faguía
un verso en grego, eisí no mesmo Es-
tado político se fai un roubo a unha
lingua y-a cultura do mundo levando
a outra o pensar y-o sentir que soilo
na da súa terra dá tod'ó rendimento!

¡Oh Lloy George⁵, falando y es-
quirvindo en gaélico, en autos oficia-
les os galeses e isando a bandeira da
sua terra na súa casa de Londres de
camiño que preside o Consello do
Imperio Británico!

¡Ós caciques miserabres da Estra-
da quedaba reservado o papel' de mal-
decir do seu idioma diante mundo!

¡Nos falámolo –dín– cos criados!...
Ninguén lle fai tanto mal a un idioma,
coma o que non sentindo a dinidá d'o
verbe que usa, empregao somentes en
baixos mesteres. Iso e prostituir o ga-
lego, rebaixalo, aldraxalo, telo de fre-
gaduxo, e xesta, e estrume.

Outra proba de indinidade foi a
de berrar, tocar latas, repartir caña e
pitillos algús señoritos –cos que ven-
taban un oso, namentres o mitin iba
adiante. A cultura europea non adi-
mite oxe outra violencia– en política
interior-ca encamiñada a guindar un
réximen nun día dado: unha folga;
loitos nas ruas; e decir a pelea polo
triunfo dun ideal que sinte a maoría
dun pobo, e que non se puido impor
legalmente porqué os que íñan a ser
vencidos falsearon a ley no seu pro-
veito: a revolución.

Pro a gresca sin xeito, arbitraria,
sin fins, sin responder a un plan xe-
neral revolucionario, pra impedir o
uso ilexítimo d'un dereito, e un auto
do mais desprezible, tiñoso e vil que
se poide maxinar: e a indinidá maor
de quen por cibdadán se teña; e algo
que en Inglaterra escandalizaría co-
ma andar en coiro polas ruas naquel
país onde se dan os mitins sin pedir
permiso a alcaldes e gobernadores, e
onde saíría -se preciso for- todo exér-
cito a praza a defender o dereito do
que lle quer falar os veciños.

E inda hay outra cousa de maor
indinidá: a desconsideración os fo-
rasteiros; a falla de crianza nos seño-



ritos y- axuste púbrico dos miles que
teñen por sono unha copa de augar-
dente. Decían que os pitos eran pros
cataláns, ¡p-a aqueles que nos recibi-
rán a nós en Barcelona -soilo por ser
gallegos- co rendimento dos seus po-
líticos, literatos, e mestres⁶; pros que
viñan a Galicia e cantaban a Rosalía e
a Alfredo Brañas, e conoñían e sabían
a Cabanillas y-a Curros!...

¿Por qué os pitaban? Porque tra-
taran ben, moi ben, a unha presa de
rapaces que deixaron a Galicia en
Barcelona mellor que a deixou ende-
xamáis ningún político en ningures!...
Isa era a razón -antipatriótica, cobar-
de, pequecha- ¿Ou porque non aceta-

¹ Mitin do 7 de febreiro de 1918. Viña de rebentarse o mitin das Irmandades en Caldas de Reis, logo faríase o mesmo no Ferrol. Os feitos que aquí se narran refírense ao mitin da Estrada no que interviron membros da Lliga de Cambó, como é o caso de Pedro Rahola e Ferrer y Vidal. Pere Rahola i Molinas (1877-1956) era deputado a cortes pola Lliga Regionalista de Catalunya, durante a 2ª Guerra Mundial crearía a Sociedade de Amigos de Francia para crear un batallón de voluntarios cataláns para ir loitar contra Alemaña e chegaría a ser Ministro de Marina en 1935. Luís Ferrer-Vidal é Presidente da Cámara Industrial (a patronal catalana) e Deputado a Cortes e membro da Lliga. Cando o presentador Carlos Pardo das Irmandades da Estrada presentou en Galego aos intervinientes, comezaron a asubiarlle e berrarlle "carlitos en castellano". Interveu o catalán Ferrer y Vidal dicindo: "Falo castelán porque non son galego, se fose galego, en galego vos falaría". Xesús R. Culebras, das Irmandades, di na súa intervención: "Estráñame que haxa miserábeis que censuren o emprego do idioma que falan os nosos avós e que herdamos dos nosos pais". Na intervención de Porteiro di: "Os rexionalistas non odiamos ao castelán, non; temos amor á terra galega e aborrecemento para quen a aldraxa. Falo en galego porque nacín na Galiza, en Lugo, e estou na Estrada que pertence a Pontevedra, provincia de Galiza e antes hoxe xa non, provincia de Riestra"

² Frédéric Mistral (1830-1914) Filólogo e poeta na lingua provenzal, considerado un dos máximos representantes do renacemento desta lingua. Obtivo o premio Nobel e a lexión de honor.

³ Victor Hugo (1802-1885) é o poeta e novelista máis relevante do romanticismo francés.

⁴ Quintus Horatius Flaccus (-65 a -8) Introduciu na poesía latina as formas da lírica grega. No renacemento foi considerado un modelo da lírica clásica por conciliar ambas as dúas culturas.

⁵ David Lloyd George (1863-1945) Primeiro Ministro británico de 1916 a 1922. Defensor do chamado "particularismo galés", creador do moderno imposto sobre a renda e democratizador do sistema parlamentario británico afogado pola "Cámara dos Lores"

⁶ En setembro de 1917 calla a alianza cos cataláns desembarcando a plana maior das Irmandades en Barcelona para celebrar a Semana Galega.

ron os ofrecimentos rexionalistas do Marqués e dos seus filliños?....⁷

Todo aquilo foi unha indinidá y-aquel día quedou firmemente pauta-do que os estradenses con vergonza iban a loitar polo creto da súa terra a veira de Losada.

Con él estamos os galeguistas todos; sempre -pase o que pase yanque cen veces nos derrotén os votos «non natos» de Silleda⁸- ha de ter candidato rexionalista a Estrada.

A loita mais forte será quizáis, no 1920. Poida que pra Xaneiro de 1919 os Sres. Besada e Dato⁹ fuxan do Goberno a recontar as afamiadas ostes conservadoras (xa ninguén presta ós ex-gobernadores, nín hay xastre das Bañas¹⁰ que os aparelle) co afán de que en 1920 lles dean o poder con decreto de disolución e volta o turno dos partidos. Isto soñan os probes datis-tas, como famento que soñaba troitas.

Daquela, estarán discutíndose moitos proxectos de ley que levará Cambó¹¹ nos que se funda a salvación de España; ó negarlle as Cortes á súa aprobación o que é suceder -en dereito político europeo- e que contando con forte apoio na opinión se disolva e se convoquen outras pra ver se aproba o país isas leises ou non -xa que hay contraste antro pobo y o Parlamento.

Si esta solución -europea- ben, contade, estradenses, ca victoria re-



Porteiro, abrindo o rego

Sementador de ideas, lle chamaría López-Abrente, sementador de emocións, diría Antón Vilar Ponte. En calquera caso Luís Porteiro Garea será o Bóveda das Irmandades, o motor de explosión que axitará a unha xeración consciente de arar en terras virxes. Irán abrindo fendas polas que hoxe discorremos os seus herdeiros ideolóxicos, e mesmo obrigando aos adversarios das súas ideas a pregarse a estas conquistas. Referímonos ao feito de que o galego sexa a lingua normal (Paco Vázquez aparte) da chamada “clase política” galega.

Como se aprecia neste texto, non foi doado introducir a lingua nese espazo “restrinxida como estaba a tarefas folclóricas e líricas” e só a irrenunciábel dignidade duns poucos que daquela se sabían do lado dos vencidos, fixo que co tempo esta loita se gañase. Non de xeito irreversible (o franquismo é máis que unha paréntese) mais xa non haberá que comezar de cero. O que hoxe somos e o que hoxe temos érguese sobre os ombreiros dos homes e mulleres que onte deron o paso de negarse a renunciar á patria galega.

Xoán Carlos Garrido Couceiro

xionalista en España. Se salta a contraria -regresión e volta os turnos- contai ca revolución.

De todol-os xeitos, ídevos preparando pra que na vosa fermosa terra -campos frolicos, ríos a sombra do ramaxe, parrales verdecetes, montes irtos- non se volta a dar outra

proba de noxenta indinidá coma aquela tarde fronte o pobo, xunta Irex-a a medio facer, nun adro donde non se enterraron petrucios pro quíxose enterrar a dinidá ya crianza dun pobo, en sinal de rendimento a un vello usureiro ■

(El Estradense, nº 35, 30/09/1918)

⁷ Xosé Riestra, o Marqués tiña varios fillos que colocou de Deputados a Cortes polo distrito da Estrada en diversas ocasións, Raimundo, Vicente e, finalmente, como Deputado Provincial a Francisco. O que son as cousas: a finca da Caeira onde foi fusilado Bóveda, era do Marqués e cedida para a ocasión, e o seu fillo Francisco era quen asinou a acta de defunción de moitos demócratas, entre os que estaba a corporación estradense o 5 de xuño de 1937.

⁸ Este texto é posterior ás eleccións a Cortes do Estado do 24 de febreiro nas que se presentaba o candidato das Irmandades, Antón Losada Diéguez, fronte ao fillo do Marqués de Riestra, Vicente Riestra. Losada obtén 292 en Cerdedo, fronte aos 311 de Riestra. En Forcarei Losada ten 134 e Riestra 293. Na Estrada gañou Losada na vila pero no conxunto perdeu, 964 fronte a 1.585 de Riestra. O resultado máis significativo que dá conta de como foron os outros é o das mesas de Silleda nos que Riestra obtén 1.745 votos, e Losada 0. O Goberno Civil non atendeu as reclamacións dos membros das Irmandades a pesares de presentar actas notariais das irregularidades, e Vicente Riestra diante da enumeración de atropelos dos seus seguidores denunciados polas Irmandades comentou: “Pois se iso fixeron eses señores, só me resta quedarlles moi agradecido”.

⁹ Eduardo Dato Iradier (1856-1921) presidente de goberno no 1917, naceu na Couruña se ben nunca mostrou ningunha relación coa súa procedencia galega. Augusto Gonzalez Besada Mein (1865-1919), tamén galego de nacemento, de Tui, se ben o primeiro cargo que ocupou foi o de Gobernador Civil da Couruña tam-pouco mostrou sensibilidade polos problemas específicos de Galiza. Nestes momentos é Ministro de Facenda.

¹⁰ “Xastre das Bañas cose de balde, e máis pon as liñas” dito popular recollido polo escritor estradense Marcial Valladares Núñez.

¹¹ Francisco de Asís Cambó i Batlle (1876-1947) no 1918, durante o goberno presidido por Maura, ocupa a Carteira de Fomento. Ao non cumprir os compromisos cos das Irmandades, as relacións vanse poñer moi tensas. Porteiro xa advertira aos que acusaban aos galegos de ser servís aos cataláns: “Cambó non é o noso xefe; é o líder do nacionalismo catalán, aliado noso. Xamais pretendeu orientar a nosa constitución e vida, nin nós a do catalanismo. Cambó ten demasiado talento para incorrer na tontería de pretender mandarnos. Cambó nin sequera viu a Galiza a facer unha Semana Galega. A Semana Galega fíxemola os galeguistas en Barcelona, expoñendo o noso programa libremente. Despois viñeron os cataláns e fixeron aquí unha Semana Catalá, sen meterse para nada no noso programa, que nós tiñamos formulado e exposto xa antes de saír para Barcelona. Conste ben claro, para non chamarse a engano: o galeguismo concerta alianzas, pero non tolera xefaturas, nin catalás, nin madrileñas, nin da dereita nin da esquerda. Ten o seu Directorio, constituído por galegos e abertas as portas, e non soportou nin soportará xefaturas alleas a Galiza”

Roberto Blanco Torres *

Crónicas de Galiza. As letras vernáculas e a cultura

O movemento espiritual iniciado hai dez anos en Galiza non defraudou aos que agardabamos del copiosos, e sobre todo, delicados froitos. No político sufriu vicisitudes, tivo que loitar, nos primeiros momentos, por unha parte, coa incomprensión das xentes, e por outra, cos intereses creados e coa tradición caciquil arraigada no chan galego. Para destruír isto non faltaban entusiasmos; pero carecíase de medios para que o triunfo fose inmediato. Ninguén, sen embargo, confiaba ilusoriamente nunha rápida vitoria. Homes maduros e homes mozos sabían ata que punto as taifas políticas tiñan unha forza poderosa, absorbente; expugnalas das súas posicións non era obra dun día, senón esforzo tenaz, xeneroso e perseverante, de moitos anos. E con este esforzo perseverante e xeneroso entraron na liza.

Había que salvar a Galiza e incorporala ao ritmo intelectual, político e social de Europa. A cruzada acusou a súa forza nalgúns intríns, e disto foi indicio que o caciquismo, seguro nos seus redutos, amosase inqueda e trocase o incremento das súas persecucións, como nel era táctica acostumada, por unha actitude favorable á concordia e até ao diálogo.

O proceso quedou interrompido por acaecementos de todos coñecidos. Os sucesos posteriores non tiveron máis transcendencia que o dun sinxelo trasfego, sen operación a

fondo e sen que se roturase nas realidades galegas ningún novo camiño. E dese modo se estrangularon moitas posibilidades, sen visible compensación.

As "Irmandades da Fala", que se constituíron nos pobos galegos de maior importancia, eran os aglutinantes deste movemento rexional, que revivía a lembranza dun organismo precursor, "Solidariedade galega", e que, como esta, estaba caracterizado pola austeridade, pola sinceridade de propósitos, en antagonismo coas forzas políticas militantes, e por un idealismo que, como sempre, era reputado de loucura polos que tiñan interese en ridiculizar para manter os seus privilexios e conservar as súas prebendas, incapaces de concibir o valor dunha doutrina senón reporta inmediatamente bens prácticos. A mocidade inquieta e estudiosa sumouse ás novas falanxes, xa cun ardor intransigente e a veces agresivo de catecúmenos, fase pasional en todo movemento de rexeneración, xa consagrándose, por medio das letras e da investigación, á exexese da historia de Galiza nos seus diversos aspectos, como fito na acción común da palinxe nesia que se propugnaba. Rescatar o



Roberto Blanco Torres en Cuba

sentido da tradición en canto tiña un valor dinámico, incorporándoo a un concepto integral de rexión, e socializando o uso da lingua vernácula, relegado ao "rus" polo ruralismo espiritual das cidades, adulterado ou ocultado por varias formas externas, eran a pedra de toque dese movemento, á vez restaurador e innovador.

* Texto traducido do español. O poeta e xornalista Roberto María Blanco Torres naceu en 1891 no lugar dos Baños, pertencente ao concello pontevedrés de Cuntis. Non frecuentou a escola, mais recibiu do pai, ex-seminarista, unha formación centrada en lingua e literatura latinas, que continuou de maneira autodidacta e ficou plasmada na súa escrita.

Tras a morte dos pais, Roberto emigrou en 1906 a Cuba, onde moraban desde había tempo dous irmáns seus. Axiña demostrou o seu gusto pola poesía e pola actividade xornalística, colaborando desde moi novo na prensa galega e cubana da illa. Despois dun ano de estadía en Cuba publicou dous poemas de amor en galego ("Dous toliños" e "O amor") e un artigo ("¡Intolerable!") na revista *Follas Novas*. Xa con vinte anos, dirixiu o semanario bilingüe *La Alborada* e catro anos máis tarde fíxose cargo de *La Tierra Gallega*, tamén redixido na nosa lingua e en español. Así mesmo enviou artigos desde A Habana a outras publicacións americanas (a argentina *Suevia*, por exemplo) e peninsulares (*Vida Gallega*, *La Publicidad*, *La Tribuna*) e tivo a oportunidade de contactar coa intelectualidade do país (Curros Enríquez, José Castro "Chané", Cabaniñas, Armada Teixeira, Antón Vilar Ponte, Xulio Sigüenza), fundamentalmente a través da tertulia do café *La Puerta del Sol*. No ano 1916 Blanco Torres (que tamén escribiu baixo os pseudónimos Fray Roblanto, Manrique Crespo e Cirilo Crespo) volveu a terras galegas (Ourense, Pontevedra, Vigo), onde proseguíu coa súa carreira xornalística. Desde este momento e até a súa morte dirixiría varias publicacións periódicas (*El Noroeste*, *El Correo Gallego*, *La Zarpa*, *Progreso*, *La República*, *El País* e a revista *Ser*) e interviría noutras empresas de dentro do país (*Galicia*, *El Pueblo Gallego*, *Nós*, *Galicia Nueva*, *El Compostelano*) e de fóra (*El Sol*), durante a súa estadía en Madrid.

Establecido definitivamente en Galiza, foi retomando a pouco e pouco a súa relación co galeguismo, aínda que non deixou de escribir para América (Cultura Gallega, Terra, Céltiga, Galicia, Raza Celta). Ingresou nas Irmandades da Fala, asistindo á I Asemblea, celebrada en Lugo en 1918, como representante da Coruña. Participou activamente nas posteriores convocatorias asamblearias da organización, chegando a ser nomeado conselleiro de publicidade. A súa pluma estaría presente aínda nas publicacións nacionalistas (*A Nosa Terra*, *Nós*, *Rexurdimento*) e, a partir do golpe de Estado de Primo de Rivera (1923), centraría os seus esforzos en burlar a censura política exercida nos xornais, sobre todo desde o seu posto de vocal na Asociación da Imprensa de Vigo —cargo que ostentaba desde 1930—.


O xornalismo insubornábel abatido no 36

Blanco Torres, desde a súa militancia nas "Irmandades" até a súa morte baixo as balas do franquismo foi rebelde e insumiso. Un tipo de xornalismo que descansa nunha foxa común en Entrimo. Por moito día das letras galegas que lle dedicaran, segue sen rehabilitarse un xeito de denunciar a opresión económica e social, pero tamén a opresión cultural, reflexo das demais. Roberto Blanco Torres foi un dos grandes divulgadores da nosa cultura na prensa española e galega de América.

Xoán Carlos Garrido Couceiro

O aspecto político estaba concentrado na propaganda das "Irmandades"; o científico e literario constituíu a preocupación, laboriosa e activa, das novas mocidades. O movemento literario alumou moitas xoves mentes e trouxo á bibliografía galega un renacemento que non tivo par dende o século XIV. Dende hai dez anos publicáronse en idioma galego máis libros que no transcurso de cinco séculos. E o idioma adquiriu un uso e unha discusión social parellos á excelencia intrínseca que como instrumento ideolóxico e estético amosou na literatura.

Neste interregno publicáronse as mellores obras de Ramón Cabanillas, de quen pode dicirse que naceu á poesía galega na emigración, con ímpetu combatente, ao conxuro do sentimento nostálgico -esa "saudades" tan certa por máis que se desvalorice e mistifique- e da lembranza da terra aferrollada e escarnecida. "Dá terra asoballada" sinalou o ápice da súa musa pugnaz, que reavivaba ao cabo de cinco lustros os apostrofes dun bardo, que por contraste enmudeceu



no exilio: Curros Enríquez, López Abente, Rodríguez González, Vitoriano Taibo e Lugrís Freire publicaron nesta época os seus mellores libros de versos. Antonio Villar Ponte escribiu "Almas mortas", unha novela de tese en que se presenta o problema da emigración; Vicente Risco deu a luz a súa "Teoría do nazionalismo galego", e Ramón Villar Ponte, "Doutrina nazionalista" e unha "Historia sintética de Galicia". Neste tempo Castelao non deu repouso ao seu lapis prodixioso, e o seu labor artístico culminou en "Cousas" e en "Álbum", aínda inédito. Publicaron unha gramática galega e un "Diccionario galego-castelán" Lugrís Freire e Carré Alvarellos. Francisca Freireira, unha escritora sobre a cal se estende inxustamente o esquecemento, aportou a este renacemento literario unha novela excelente, "Néveda", e Xosé Lesta Meis outra: "Estebo", acollida pola crítica con aplauso poucas veces tan unánime. E recentemente, Vicente Risco e Ramón Outeiro Pedrayo -cuxa obra abondaría a integrar na literatura europea o valor da nosa literatura vernácula-, deron a luz, res-

pectivamente: "O porco de pé", novela realista, en que se alían a sátira e o humorismo, e "Os camiños dá vida", novela da vida do agro, dos morgados e a fidalguía galega do século XVIII.

Non quere ser esta crónica un inventario da produción literaria galega de dez anos acá. Por iso, sen dúbida, incorreremos en omisións que, tratándose dun traballo que aspiraba a ser completo, serían imperdoábeis.

A labor da "Irmandades dá Fala" produciu ademais a aparición de moitos periódicos e revistas. No aspecto editorial a súa obra foi fecundísima. Nace no Ferrol a editorial "Céltiga", de novelas curtas, e na Coruña, "Lar", e máis tarde, "Nos", que dan a coñecer os novos valores e lanzan con frecuencia ao mercado libros que se esgotan inmediatamente. En Ourense publícase a revista de cultura galega "Nós"; na Coruña, "A Nosa Terra", periódico de combate; en Betanzos, "Rexurdimento". En Lugo nace "Ronsel", unha revista literaria de tipo vangardista dentro das letras galegas, primorosamente editada; en Pontevedra, "Alborada", e en Santiago, "Libredón", publicacións de novelas curtas.

Hei aquí, en síntese, sen que un exame estimativo nos tente polo momento, un balance, desde logo incompleto, da produción literaria galega desde 1918. Adrede omitimos a que corresponde á nova xeración, á xeración especificamente xuvenil, e o que atinxe ao seu xesto espiritual, ao seu panorama ideolóxico. Isto será tema doutro artigo ■
(Galicia, Montevideo, marzo 1929)

A finais da década de vinte apareceu recollida en volume a súa obra literaria, constituída polo poemario *Orballo da media noite* (1929), o de maior contido civil da lírica galega da altura, e *De esto y de lo otro* (1930), unha compilación de diversos artigos e escritos ensaísticos en español, a maior parte deles xa publicados. A preocupación social de Blanco Torres ficou patente tanto nos seus versos (algúns con tintes vangardistas) como na súa produción en prosa, que xira á volta de temas varios: o mundo político, o galeguismo, a emigración, a lingua da Galiza, a literatura, a filosofía... "Tres discursos á mocidade galega" e un romance en español ficarían inéditos.

Paralelamente o pontevedrés desenvolveu un considerábel labor político dentro da esfera republicana, sempre próximo a posturas galeguistas. En 1930 asinou o Pacto de Lestrove –promovido pola Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA)– e no ano seguinte acudiu á Asemblea pro Estatuto convocada pola ORGA na Coruña –onde se trataría a posibilidade de creación dun partido nacionalista galego–. Chegou a formar parte tamén da estrutura política republicana, sendo designado en 1932 gobernador civil de Palencia.

Cando se produciu o levantamento armado de 1936, estaba a ocupar o posto de xefe do Gabinete de Imprensa do Ministerio de Gobernación e viña de presidir na capital española un mitin de apoio ao Estatuto de Autonomía galego. Nestas circunstancias Blanco Torres, excelente comunicador e político destacado, caeu preso na súa casa de Amido, na Peroxa (Ourense), sendo trasladado ao cárcere ourensán. Meses despois sería "paseado" na aldea ourensá de San Fiz de Galez, en Entrimo. Enterrado nunha fosa común, ningunha indicación permite coñecer o lugar exacto da súa sepultura. Á súa figura dedicouse o Día das Letras Galegas de 1999. *Biblioteca Virtual Galega*



Raíña, 19 | Compostela | GALIZA
Telf. 981 560 137

librería
pedreira

Un país sen librarías é un país sen cultura

LIBROS GALEGOS E PORTUGUESES

Rúa do Home Santo 55, Santiago de Compostela. Telf. 981 585 403. Fax: 981 580 984
Correo electrónico: libreria@librariapedreira.com Páxina electrónica: www.librariapedreira.com

Contra a submisión e o silenciamento loitou durante toda a súa vida Bautista Álvarez. Poucos compatriotas haberá que podan ostentar con maior merecemento as credenciais dignísimas de entrega á significación política e cultural da nación e á súa representación, na sociedade e nas institucións. Credenciais de que nunca quixo facer gala, de que nunca alardeou, cunha modestia *–rarissima avis* no mundo actual– cuxos valados quixemos atravesar para colocarmos no seu lugar persoas e feitos, lugares e acontecementos relevantes, nunha biografía que vai moito máis alá do individuo, porque está intimamente vinculada ao *ser* e ao *estar* da Galiza actual.

Fundación
Bautista Álvarez
de Estudos Nacionalistas




disponíbel nas librarías de toda Galiza

terra e tempo

revista galega de pensamento nacionalista

Subscrición á Revista "Terra e Tempo"

Desexo subscribírmese desde o número ____ por 4 números anuais ao prezo de 15 €.

(A subscrición inclúe un desconto do 16% sobre o PVP)

Forma de pagamento:

Domiciliación Bancaria:

Sr./Sra. Director/a do Banco ou Caixa: Prégolle que tome nota dos recibos que ao meu nome serán presentados para cobro pola Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas

Entidade	Oficina	D.C.	Número de conta
□□□□	□□□□	□□	□□□□□□□□□□

Nome do/a titular N.I.F. Data

Todas as subscricións recibidas agasallaranse co audiovisual (en formato SVCD)

Bautista Álvarez, unha vida para a nación



Sinatura autorizada

Datos persoais

Nome e apelidos N.I.F. Data de nacemento

Enderezo Concello C.P.

Teléfono Móbil correo electrónico

Os datos persoais que vostede nos facilita serán incluídos nun ficheiro automatizado da Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas, para xestionar a relación comercial. Vostede ten os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición, que poderá exercer mediante carta dixirida a esta Fundación na Avenida de Lugo, 219, 1º, 15703 Santiago de Compostela. Se non desexa ser informado dos nosos produtos e/ou servizos, marque cun "X" neste recadro (Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro).

Remitir a: FUNDACIÓN BAUTISTA ÁLVAREZ DE ESTUDOS NACIONALISTAS
Avenida de Lugo, 219, 1º, 15703 Santiago de Compostela - Galiza



Inmobiliaria



Trapero Pardo, 14
27780 Foz (Lugo)



982 57 03 33
982 14 15 03

De NÓS para NÓS.

www.inmobiliarianos.com

